



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
LINGUA GALEGA E LITERATURA

IES Leiras Pulpeiro
Curso 2020-21

ÍNDICE

	Páx.
1. CONTEXTO DO CENTRO.....	4
2. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO.....	4
3. INTRODUCCIÓN.....	5
4. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	7
5.OBXECTIVOS.....	13
5.1. Obxectivos xerais para a Educación Secundaria Obrigatoria. (ESO).....	13
5.2. Contribución da materia de Lingua Galega e Literatura á consecución dos obxectivos xerais de etapa.....	14
6. PROGRAMACIÓN LINGUA GALEGA E LITERATURA 1º ESO.....	15
7. PROGRAMACIÓN LINGUA GALEGA E LITERATURA 2º ESO.....	36
8 . PROGRAMACIÓN LINGUA GALEGA E LITERATURA 3º ESO.....	65
9. PROGRAMACIÓN LINGUA GALEGA E LITERATURA 4º ESO.....	80
10.CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, INSTRUMENTOS, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO DE ESO.....	132
10.1.Procedementos de avaliación inicial.....	132
10.2. Procedementos de avaliación continua.....	132
10.3. Información ó alumnado, nais e pais.....	134
10.4. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente.....	135

11. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.....	138
12. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	139
13. TRANSVERSALIDADE.....	141
14. BAC.....	147
14.1. Introducción.....	143
14.2. Obxectivos.....	145
15. LINGUA E LITERATURA GALEGA 1º BAC.....	147
16. PRÁCTICAS TEXTUAIS.....	366
17. LITERATURA UNIVERSAL 1º BAC	386
18. LINGUA E LITERATURA GALEGA 2º BAC.....	397
19. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, INSTRUMENTOS, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DA MATERIA DE LINGUA GALEGA DE BAC.....	666
18.1. Procedementos de avaliación inicial.....	666
18.2. Procedementos de avaliación continua.....	666
18.3. Información ó alumnado, nais e pais.....	669
18.4. Organización das actividades de recuperación e avaliación da materia pendente.....	669
20. PLANS DE REFORZO	670
21. ENSINO NON PRESENCIAL	676
22. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.....	678
23. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	680

1. CONTEXTO DO CENTRO

Situación

R/ Orquídea, 45
27004-Lugo

Centros adscritos

CEIP de Casás
CEIP Menéndez Pelayo

Ensinanzas que oferta o centro

ESO / Bacharelato

Características singulares

O centro está situado nunha zona periférica da cidade, de contorna socioeconómica media-baixa con abundancia de vivendas sociais.

2. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO

O departamento está formado por cinco profesoras: M^a Esperanza Fernández Camiñas, Inmaculada Gayoso Neira, Belén Martín Franco, M^a Juncal Martínez Modia e Rosa Varela Rodríguez. Ademais, imparte a docencia de Lingua Galega e Literatura no Agrupamento Específico de 1^o ESO, a profesora do Departamento de Lingua Castelá e Literatura, Noemí García Rodríguez.

Asume a coordinación do Equipo de Dinamización Lingüística a profesora Belén Martín Franco e comeza como xefa de departamento Rosa Varela Rodríguez.

3. INTRODUCCIÓN

As linguas son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. A través delas achegámonos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.

A formación lingüística é un instrumento que ten como obxecto falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e experiencias, sobre o mundo, é un medio para as relacións interpersoais e o recoñecemento da alteridade, é motor do noso pensamento e das nosas reflexións e porta de acceso ao coñecemento. Ten que ser unha ferramenta para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, ademais de sensibilizar cara aos usos creativos e lúdicos das linguas e permitir unha achega ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

A educación plurilingüe e intercultural adopta enfoques plurais transversais e integradores. A súa finalidade é promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Pola súa banda, mediante o diálogo intercultural póñense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural e o respecto dos dereitos fundamentais. Aínda que cada lingua ten as súas características propias, que requiren un tratamento e un traballo específicos, hai determinados aspectos do currículo que precisan ben seren abordados de maneira parella e utilizar a mesma

terminoloxía nas dúas linguas para non dificultar innecesariamente o proceso de aprendizaxe do alumnado, segundo contempla o artigo 8 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

O tratamento integrado das linguas debe considerar o punto de partida diferente de cada unha delas. Xa que logo, non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega. Cómpre favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización. O alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz das dúas nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.

O tratamento de todos estes contidos abordarase desde unha óptica competencial, valorando as relacións que cada un deses contidos ten coas competencias clave, que aparecen especificadas, a partir dos estándares de aprendizaxe avaliábeis, no currículo da materia.

A avaliación, por iso mesmo, será competencial e terá en conta a relación que se establece no currículo entre os estándares de aprendizaxe, detallados en cada bloque e as competencias clave.

A materia de Lingua Galega e Literatura preséntase estruturada en cinco bloques:

- Bloque 1, "Comunicación oral. escoitar e falar", atende ao uso oral da lingua. Incide, sobre todo, na necesidade de que o alumnado galego teña modelos de fala adecuados e poida pór en práctica a súa lingua dentro e fóra da aula en contextos formais e informais.
- Bloque 2, "Comunicación escrita. Ler e escribir", ocúpase da comprensión e a produción escrita.
- Bloque 3, "Funcionamento da lingua", integra contidos relacionados co código e a súa organización e responde á necesidade de reflexión sobre a propia lingua coa finalidade de capacitar para o seu uso correcto, sen concibir os coñecementos lingüísticos como un fin en si mesmo.
- Bloque 4, "Lingua e sociedade", pretende que o alumnado comprenda os procesos sociolingüísticos e identifique os prexuízos para a súa

superación. Así mesmo, persegue que recoñeza e empregue termos sociolingüísticos de xeito preciso.

- Bloque 5, "Educación literaria", asume o obxectivo de facer do alumnado lectorado competente, que integre a lectura como un mecanismo de comprensión do propio eu e da sociedade ao longo de toda a súa vida, a través do achegamento á historia da literatura galega, así como ás súas obras e aos seus autores e autoras máis salientables, recoñecendo a vinculación destes produtos literarios coa propia historia de Galiza.

4. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

As competencias clave e a materia de Lingua Galega e Literatura

A materia de Lingua Galega e Literatura favorece a posta en práctica das competencias básicas e, por tanto, contribúe poderosamente ao seu desenvolvemento no alumnado non só no que á competencia en comunicación lingüística se refire senón tamén canto ás seis restantes.

A seguir, presentamos unha breve xustificación de como pode a nosa materia contribuír ao proceso de desenvolvemento competencial retomando aqueles descritores das competencias anteriormente expostos que poden ser especificamente abordados desde a Lingua Galega e Literatura.

▪ Comunicación lingüística (CL)

Como xa sinalamos, resulta evidente que esta é a competencia á que máis e mellor pode contribuír a nosa materia. Por tanto, non cómpre incidirmos nos aspectos que poden ser postos en práctica a través de Lingua Galega e Literatura, mais si debemos sinalar que a plena competencia en comunicación lingüística precisa tamén de destrezas que permitan que certos saberes das áreas de lingua actúen como vasos comunicantes que faciliten o proceso de aprendizaxe do alumnado e que proporcionen, á fin, un mellor aproveitamento de determinados conceptos e estruturas.

Alén disto, hai que recalcar a relevancia do desenvolvemento da comprensión lectora. A lectura aparece integrada como habilidade básica desta competencia, mais tamén se lle recoñece o valor instrumental imprescindible para a consecución das restantes competencias e, en xeral, de

calquera das actividades que garden relación non só coa educación, senón co desenvolvemento vital persoal.

- Coñecementos sobre o compoñente lingüístico (léxico, gramática, semántica, fonoloxía, ortografía e ortoépica), sobre o compoñente pragmático-discursivo e sobre o compoñente sociocultural.
- Desenvolvemento das estratexias de mellora da lectura e de comprensión lectura.
- Promoción de elementos que faciliten a alfabetización múltiple.
- Adquisición de valores como o respecto á normas de convivencia, o exercicio activo da cidadanía, o desenvolvemento dun espírito crítico, o respecto aos dereitos humanos e ao pluralismo e a concepción do diálogo como ferramenta primordial para a convivencia, a resolución de conflitos e o desenvolvemento das capacidades afectivas en todos os ámbitos.
- Curiosidade, interese e creatividade cara á aprendizaxe e o recoñecemento das destrezas inherentes como a lectura, a conversa, a escritura etc. como fontes de pracer relacionadas co desfrute persoal.

▪ **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)**

Tradicionalmente esta foi unha das competencias cuxo desenvolvemento resultou desbotado desde as materias da área lingüística dado que se lles presupuña a estas unha menor capacidade de actuación; porén, o desenvolvemento do razoamento e do pensamento lóxico e a súa aplicación a tarefas claramente integradas nos nosos plans curriculares –como, por exemplo, a análise sintáctica– requiren claramente do desenvolvemento destas destrezas.

- Coñecementos sobre os números, a mellora das comprensión dos termos nos conceptos matemáticos, as representacións matemáticas como as gráficas.
- Habilidades como a emisión de xuízos fundados, o seguimento de cadeas argumentais, a análise de gráficos e doutras representacións matemáticas, o uso de datos e de procedementos científicos para a consecución dun obxectivo que inclúa a chegada a conclusións e a toma de decisións seguindo un razoamento dedutivo.
- O rigor, o respecto aos datos, a veracidade, a valoración do coñecemento científico etc.

▪ Competencia dixital (CD)

A competencia dixital é un dos eixos do desenvolvemento competencial necesario para desenvolverse como cidadán e cidadá activo e integrado na sociedade actual. Desde a materia de Lingua Galega e Literatura, da mesma maneira que desde as outras áreas lingüísticas, un dos puntos fortes do desenvolvemento desta competencia pasa por ofrecer ao alumnado destrezas de busca, de síntese e de análise de información, para alén do manexo competente de diferentes ferramentas e recursos informáticos.

- Adquisición de coñecementos sobre linguaxes e códigos específicos así como seus procesos de decodificación e de transferencia; acceso a fontes de información e establecemento de parámetros adecuados de busca, selección e procesamento da información.
- Interese por participar en traballos colaborativos, motivación e curiosidade pola aprendizaxe e tamén mellora do uso das tecnoloxías.

▪ Aprender a aprender (CAA)

Aprender a aprender é unha das competencias con máis alto grao de transversalidade cuxa progresión nas destrezas que require garante a

consecución dun obxectivo de alto nivel: o recoñecemento do alumno ou da alumna como aprendiz e a análise dos seus puntos fortes e das fraquezas que presenta no seu modo de abordar a nosa materia e as materias restantes.

A adquisición de destrezas suficientes nesta competencia asegura a consecución duns mecanismos de aprendizaxe eficaces e aplicábeis a todos os ámbitos vitais.

- Coñecementos sobre estratexias de resumo, análise e síntese que permiten o deseño de estratexias de aprendizaxe que permiten unha abordaxe eficaz de diferentes campos e saberes.
- Desenvolvemento de estratexias de planificación, supervisión e avaliación das tarefas levadas a cabo.
- Potenciación da motivación e da confianza.

▪ **Competencias sociais e cívicas (CSC)**

Trátase dunha das competencias máis intrinsecamente relacionadas co currículo de Lingua Galega e Literatura, xa que a integración neste dos bloques de Lingua e sociedade e de Coñecemento literario fan que a explicación dun e doutro ámbito beban directamente das fontes da interpretación e de análise da sociedade en que se insiren.

Alén dos coñecementos directamente vinculados coa historia de Galiza, o tratamento desta competencia desde a nosa materia tamén debe ter con conta o desenvolvemento de actitudes cívicas claramente apreciábeis no decorrer diario das aulas e no desenvolvemento de actividades como, por exemplo, os debates.

- Adquisición de coñecementos relativos á vida segundo os parámetros dunha determinada sociedade; percepción das identidades culturais e nacionais como un proceso sociocultural dinámico e cambiante; coñecemento dos acontecementos contemporáneos e dos principais acontecementos históricos a nivel tanto local como mundial; comprensión dos fenómenos migratorios.
- Desenvolvemento das destrezas necesarias para comunicarse de forma eficaz en calquera ámbito social ou persoal; a capacidade de negociación; a realización de intervencións en público adecuadas; a reflexión crítica e creativa.
- Potenciación de actitudes como a autoconfianza, a integridade, o interese pola comunicación intercultural, a tolerancia, a disposición a superar preconceitos, o sentido da responsabilidade e a reflexión acerca das mensaxes transmitidas polos medios de comunicación.

▪ Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

Na sociedade actual resulta imprescindible formar persoas que dispoñan das ferramentas necesarias para se integraren nela como axentes activos e participativos, con capacidade para tomaren as súas propias decisións.

Ademais do factor directamente relacionado co desenvolvemento económico e empresarial, o tratamento desta competencia na nosa materia favorece o desenvolvemento da conciencia da avaliación de riscos e da toma de decisións e a capacidade de se comunicar de forma eficaz en calquera ámbito.

- Adquisición e mellora de destrezas como a capacidade de análise e de planificación, a organización e a toma de decisións, a capacidade de adaptación ao cambio e a resolución de problemas, a adquisición de destrezas de comunicación e negociación efectivas, a habilidade para traballar individualmente ou dentro dun equipo, o desenvolvemento do pensamento crítico.
- Valores como a potenciación da creatividade e das solucións imaxinativas, a autoestima, a autonomía e o esforzo, a motivación á hora de cumprir uns obxectivos sexan estes persoais, académicos ou laborais.

▪ Conciencia e expresións culturais (CCEC)

Finalmente, a competencia en conciencia e expresións culturais, ao igual que acontece coa competencias sociais e cívicas, mantén unha relación máis estreita da nosa materia co currículo. O achegamento ao feito literario, o estudo de épocas e períodos artísticos tanto propios como vinculante coa historia europea constitúen unha parte importante da nosa materia.

Alén do coñecemento sobre os xéneros literarios, os seus códigos estéticos e o seu desenvolvemento histórico, esta competencia tamén se practica mediante a creación de textos de intención literaria.

- Adquisición de coñecementos de historia da cultura desde diferentes disciplinas artísticas incluída a literatura, o coñecemento de autores/as, obras e estilos representativos incluíndo o coñecemento de autores/as actuais, a identificación das relacións entre as manifestacións artísticas e as sociedades en que se insiren, os coñecementos sobre a evolución das ideas estéticas e dos gustos e convencións.
- Potenciación da imaxinación e desenvolvemento do pensamento creativo, traballo en equipo, iniciativa.
- Actitudes como a valoración da liberdade de expresión, o dereito á diversidade cultural, o respecto polas diferentes manifestacións culturais e artísticas e o interese por participar da vida cultural da comunidade.

5. OBXECTIVOS

5.1. Obxectivos xerais para a Educación Secundaria Obrigatoria. (ESO)

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no

coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

5.2. Contribución da materia de Lingua Galega e Literatura á consecución dos obxectivos xerais de etapa

O desenvolvemento da LOMCE implica a desaparición dos obxectivos de área e a implementación dos catorce obxectivos xerais incluídos no apartado anterior e aos cales deben contribuír activamente todas as materias que conforman a ESO.

As materias do ámbito lingüístico están excepcionalmente dotadas para contribuír á consecución dos obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria posto que, alén dos contidos curriculares que lles corresponden de forma directa, a integración doutro tipo de contidos mediante textos, debates,

actividades de creación literaria etc. resulta especialmente doada e facilita a creación de situacións de aprendizaxe que, á súa vez, posibiliten enfoques metodolóxicos diversos.

A estreita vinculación que se establece a través de bloques como o de Lingua e sociedade ou Coñecemento literario con contidos relacionados coa situación sociolingüística e coa historia de Galiza contribúen a facilitar a consecución de obxectivos específicos da nosa comunidade e facilitan a transferencia de coñecementos entre diferentes materias.

Na presente programación aparecen relacionados os estándares de aprendizaxe avaliáveis coas competencias claves e os obxectivos xerais da etapa.

6. LINGUA E LITERATURA GALEGA 1º ESO

6.1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles-1º ESO

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles-1º ESO	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.1. Aplicar técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva.	LGB2.1.1. Utiliza técnicas de análise e síntese do contido: subliñados, esquemas e resumos.
B2.1. Aplicar técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva.	LGB2.1.2. Recoñece a intencionalidade do emisor a partir de elementos contextuais explícitos.
B2.1. Aplicar técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva.	LGB2.1.4. Procura o léxico descoñecido en dicionarios, analiza a forma da palabra ou deduce o significado polo contexto.
B2.3. Comprender, interpretar e sintetizar escritos dos medios de comunicación, especialmente, os narrativos e expositivos de estrutura descritiva e secuencial.	LGB2.3.1. Comprende, interpreta e sintetiza escritos dos medios de comunicación, especialmente, os narrativos e expositivos de estrutura descritiva e secuencial
B2.8. Planificar, producir e revisar o escrito co fin de producir textos adecuados, coherentes, cohesionados e correctos gramaticalmente	LGB2.8.4. Puntúa o texto en relación coa organización oracional e a forma do texto (os parágrafos e a distribución e organización das ideas expresadas).
B2.9. Producir, en formato papel ou dixital, textos sinxelos propios da vida cotiá e das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.	LGB2.9.1. Produce textos propios das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil
B2.11. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos propios da vida educativa, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre as tarefas e aprendizaxes realizadas	LGB2.11.1. Produce, en formato papel ou dixital, textos descritivos, narrativos e expositivos propios da vida educativa, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre tarefas e aprendizaxes realizadas
B2.12. Producir textos de distintos xéneros: descrições, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos.	LGB2.12.1. Produce textos de distintos xéneros: descrições, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos.
B3.4. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	LGB3.4.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
B5.6. Escribir textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos .	LGLB5.6.1. Escribe textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos.

6.2. Secuenciación e temporalización dos contidos de Lingua galega e literatura 1º ESO

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto / Unid. Did.	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesións	
1º, 2º, 3º Avaliac.		B.1	Bloque 1. Comunicación oral: Escotar e falar	Todas as unidades			
			B1.1. Comprensión, interpretación e resumo de calquera texto oral ou daqueles propios dos medios de comunicación, especialmente noticias de actualidade, próximas aos intereses do alumnado.				
			B1.2. Comprensión e interpretación de textos orais utilizados no ámbito social e educativo (instrucións, presentacións de tarefas e breves exposicións orais de temáticas variadas).				
			B1.3. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa con actitude de interese, de cooperación e de respecto.				
			B1.4. Escoita crítica e reflexiva das mensaxes dos medios de comunicación, con especial atención aos programas informativos.				
			B1.5. Coñecemento e aplicación, con axuda das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), de estratexias necesarias para producir textos orais sobre temas de actualidade.				
			B1.6. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.				
			B1.7. Producción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.				
			B1.8. Participación activa en situacións propias do ámbito educativo (pedimento de aclaracións, intercambio de opinións e exposición de conclusións).				
			B1.9. Coñecemento e aplicación de estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais.		Dec Marzo Xuño	3-4	Exposicións orais individuais ou grupais
			B1.10. Construción de discursos adecuados, cohesionados e coherentes desde o punto de vista comunicativo, sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativa.				
	B.2	Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir					
		B2.1. Aplicación de técnicas de análise do contido e estratexias de lectura	Todas as		Observación		

		comprensiva.	unidades			directa, Caserno de clase
		B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado: mensaxes electrónicas ou de móbil, normas e instrucións de uso.				
		B2.3. Comprensión, interpretación e síntese de textos dos medios de comunicación, fundamentalmente textos narrativos.				
		B2.4. Comprensión e interpretación de textos do ámbito educativo, especialmente, descritivos, narrativos e expositivos sobre as distintas materias curriculares: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias en diversos soportes.				
		B2.5. Utilización guiada da biblioteca e das TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.				
		B2.6. Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que transmitan prexuízos ou usos lingüísticos discriminatorios, especialmente, os que aparecen nos medios de comunicación.				
		B2.7. Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa, aos patróns fonéticos do galego e aos signos de puntuación.				
		B2.8. Planificación e revisión do escrito, de forma guiada, para producir textos adecuados, coherentes, cohesionados e correctos gramaticalmente.				
		B2.9. Producción, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.				
		B2.10. Producción, a partir dun modelo, de textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital.				
		B2.11. Producción, en soporte impreso ou dixital, de textos propios da vida educativa, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre as tarefas e aprendizaxes realizadas.				Portfolio
		B2.12. Producción, en soporte impreso ou dixital, de textos de distintos xéneros: descrições, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos.				
		B2.13. Uso, con progresiva autonomía, das TIC (procesadores de textos e correctores ortográficos) na planificación, revisión e presentación dos escritos.				
		B2.14. Autoavaliación da aprendizaxe da lingua cunha actitude activa e				



			de confianza.			
		B3	BLOQUE 3: Funcionamento da lingua	Todas as unidades		
			B3.3. Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre clases de palabras e normativa.			
			B3.4. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.			
			B3.5. Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual.			
			B3.8 Recoñecemento, uso e explicación dos conectores textuais máis comúns, en particular os temporais e explicativos.			
			B3.11. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias de autoavaliación, aceptando o erro como parte do proceso			
			B3.12. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais enos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.			
			B3.13. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.			

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	Bloque	Contido		Mes	Seccións	
1ª Avaliación		B3	BLOQUE 3: Funcionamento da lingua				
			B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.	T 1 e2	Set./ Outubro		Proba escrita
			B3.2. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias.				
			B3.4. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.				
			B3.6. Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais básicas	T 2			
			B3.10. Recoñecer as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.				
		B5	BLOQUE 5: Educación literaria				
			B5.1. Lectura, con regularidade e de maneira guiada, de obras literarias para desenvolver o criterio lector; exposición da opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relación do seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e asimilación dos trazos estéticos xerais que definen cada texto.	Lectura guiada Rapazas	Out./ Nov/ Dec		Traballo/ Control
			B5.2. Comparación de textos literarios e non literarios e diferenciación de textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.	T1			
			B5.6. Producción de textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.	T1 e2			
	2	B3	BLOQUE 3: Funcionamento da lingua		Nov/ Dec		Proba escrita
		B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.					
		B3.4. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	T3e4				

			B3.6. Recoñecer e explicar o uso das distintas categorías gramaticais, utilizar este coñecemento para distinguir erros e diferenciar as flexivas das non flexivas.	T 3 e 4			
			B3.8. Recoñecer, usar e explicar os conectores textuais máis comúns (sobre todo os temporais e os explicativos).				
			B3.13. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.	T3e4			
		B4	Bloque 4. Lingua e sociedade				
			B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo, valorar positivamente o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que a integran.	T2e4			
			B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo dos contextos familiares do alumnado.				
		B5	Bloque 5. Educación literaria				
			B5.1. Ler, con regularidade e de maneira guiada, obras literarias para desenvolver o criterio lector; expor unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionando o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos, procurando assimilar os trazos estéticos xerais que definen cada texto.	Lectura guiada Rapazas			Control/T rab.ind
			B5.2. Comparar textos literarios e non literarios e diferenciar textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.	T4			
			B5.4. Ler expresiva e comprensivamente textos narrativos breves	T 8 e 9			
Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	Bloque	Contido		Mes	Seccións	
2ªAva		B3	BLOQUE 3: Funcionamento da lingua				

liac.	3		B3.1. Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula.	T 5 e6	Xan./f ebr	Proba escrita
			B3.4. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.			
			B3.6. Recoñecer e explicar o uso das distintas categorías gramaticais, utilizar este coñecemento para distinguir erros e diferenciar as flexivas das non flexivas.			
			B3.7. Recoñecer, usar e reflexionar sobre os mecanismos da cohesión textual como a deíxe persoal.			
		B4	Bloque 4. Lingua e sociedade			
			B4.6. Situación sociolingüística e legal das linguas de España.	T 6		
		B5	. Bloque 5. Educación literaria			
			B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións de poemas recitados ou cantados, sinalar a temática ou temáticas abordadas e describir os valores estilísticos dos textos.	Lectura guiada de Soños na gaiola	Xan /Feb.	Traballo/ Control
			B5.6. Escribir textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.	T.6		portfolio
			B5.8. Familiarizarse, seguindo unhas pautas orientadoras, co emprego dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a procura de información básica e a resolución de dúbidas de traballo.	T 5 e 6		
4	B3	BLOQUE 3: Funcionamento da lingua			Marzo	Proba escrita
		B3.1. Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula.	T 7 e 8			
		B3.4. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	T 7 e 8			
		B3.5. Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual.	T 7 e 8			
	B4	Bloque 4. Lingua e sociedade				

			B4.5. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecendo o xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega	T8			
		B5	Bloque 5. Educación literaria				
			B5.1. Ler, con regularidade e de maneira guiada, obras literarias para desenvolver o criterio lector; expor unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionando o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos, procurando assimilar os trazos estéticos xerais que definen cada texto.	Lectura guiada de Soños na gaiola			Traballo/ Control
			B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións de poemas recitados ou cantados, sinalar a temática ou temáticas abordadas e describir os valores estilísticos dos textos.	T 7			
			B5.6. Escribir textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.	T7 e 8			Portfolio

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesi- óns	
3ªAva liac.		B3	BLOQUE 3: Funcionamento da lingua				
	5		B3.1. Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula.	T 9e10	Abril		Proba escrita
		B3.4. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.					

		B3.6. Recoñecer e explicar o uso das distintas categorías gramaticais, utilizar este coñecemento para distinguir erros e diferenciar as flexivas das non flexivas.				
	B4	Bloque 4. Lingua e sociedade				
		B4.7. Prexuízos lingüísticos.	T 10			
	B5	. Bloque 5. Educación literaria				
		B5.1. Lectura, con regularidade e de maneira guiada, de obras literarias para desenvolver o criterio lector; exposición da opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relación do seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e asimilación dos trazos estéticos xerais que definen cada texto.	Lectura guiada d'A illa de todas as illas	Abril.		Traballo/ Control
		B5.6. Escribir textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.	T.9e 10			Porfolio
	B3	BLOQUE 3: Funcionamento da lingua				
		B3.1. Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula.	T 11 e 12			
		B3.4. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	T 11 e 12			
	B4	Bloque 4. Lingua e sociedade				
		B4.5. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecendo o xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega	Visita a Casa-museo Manuel María	Maio /Xuño		Proba escrita
		B4.8Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades diatópicas do galego				
	B5	Bloque 5.Educación literaria				
6		B5.1. Ler, con regularidade e de maneira guiada, obras literarias	Lectura			Traballo



			para desenvolver o criterio lector; expor unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionando o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos, procurando assimilar os trazos estéticos xerais que definen cada texto.	guiada d'A Illa de todas as illas			individual
			B5.6. Escribir textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.	T 12			
			B5.7. Descrición e caracterización dos trazos definitorios básicos do cómic e a canción como linguaxes artísticas.	T 12			
			B5.8. Familiarización, seguindo unhas pautas orientadoras, co emprego dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a procura de información básica e a resolución de dúbidas de traballo.				

6.3.- Relación de aspectos curriculares para cada unidade

Tema/UD	Todas Avaliacións				Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	* Peso Cualific.	Instrumentos							Temas transversais								
	Identif. contidos	Identif. criterios	Identif. Estándar	Competencias clave				Estándares de aprendizaxe	Prob .esc.	Prob oral	Trab ind	Trab grup	Cad Cla	Rúb (2)	Obs.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV	
BLOQUE 1: Comunicación Oral: escoitar e falar																							
Todas as unidades	B1.1	B1.1		CCL/CAA	LGB1.1.1. Comprende e interpreta a intención comunicativa de textos orais sinxelos (noticias de actualidade).	20%							x						x				
				CCL/CAA	LGB1.1.2. Traslada a información relevante ou a idea xeral de textos sinxelos a resumos.	70%						x		X		X							
	B1.2	B1.2		CCL/CAA	LGB1.2.1. Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os datos máis relevantes en textos orais do ámbito social e educativo.	100%					X		X						x				
					LGB1.2.2. Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.	100%						X		X		X							
	B1.3	B1.3		CCL/CSC	LGB1.3.1. Coñece e aprecia as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na orde que lle corresponde, manifesta respecto polas opinións alleas e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria).	100%					X		X						x				
				CCL/CSC/CAA	LGB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal.	70%						X		X		X							
	B1.4	B1.4		CCL/CAA/CSC	LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, as ideas principais e as secundarias de programas informativos.	20%								X						x			
					LGB1.4.2. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas.	10%										X						x	
					LGB1.4.3. Identifica e rexeita os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou discriminacións.	100%											X						x
	B1.5	B1.5		CD/CAA/CCL/CSIEE	LGB1.5.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións.	20%								X									
					LGB1.5.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e visualmente atractivas.	70%											X				x		
	B1.6	B1.6		CCL/CAA/CCEC	LGB1.6.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea e propón solucións para melloralas.	80%								X						x			
					LGB1.6.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega.	100%											X					x	
					LGB1.6.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.	5%												X					x
B1.7	B1.7		CCL/CSC	LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	80%									X					x				
				LGB1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).	70%												X						
				LGB1.7.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada).	70%												X					x	
				LGB1.7.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.																			

B1.8	B1.8	CCL/CSC	LGB1.8.1. Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo, respectando as regras de interacción.	20%								X		x					x			
			LGB1.8.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios.	40%		x								X							x	
	B1.9	B1.9	CCL/CSC/CSIEE/CAA	LGB1.9.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.	100%			x						X								
				LG1B1.9.2. Respecta os aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade	30%		x									X		x				
				LGB1.9.3. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da situación comunicativa.	70%		x									X		X				
				LGB1.9.4. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal ás súas producións orais.	50%		x									X		x				
				LGB1.9.5. Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos.	50%											X		x				
				LGB1.9.6. Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos.	50%											X		x				
B1.10	B1.10	CSC CSIEE CCEC	LGB1.10.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos, e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas.	60%									X						x			
			LGB1.10.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo.	40%											X						x	
Todas as unidades	B2.1	B2.1	CCL/CCA	LGB2.1.1. Utiliza técnicas de análise e síntese do contido: subliñados, esquemas e resumos.	90%		x						x		x							
			CCL	LGB2.1.2. Recoñece a intencionalidade do emisor a partir de elementos contextuais explícitos.	50%										x							x
			CCL	LGB2.1.3. Reconstrúe o sentido global e compón o esquema xerarquizado das ideas.	50%										x		x					X
			CCL/CCA	LGB2.1.4. Procura o léxico descoñecido en dicionarios, analiza a forma da palabra ou deduce o significado polo contexto.	100%										x							X
			CCL	LGB2.1.5. Interpreta o significado de elementos non lingüísticos (símbolos, iconas, etc.).	50%											x						x
			CCL/CCA/CD	LGB2.1.6. Busca información para ampliar e completar o contido das mensaxes a través de distintos recursos: xornais, revistas, libros, enciclopedias, buscadores de internet.	80%											x		X				
			CCL	LGB2.1.7. Contrasta os contidos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura.	80%											x		x				
	B2.2	B2.2	CCL/CSC	LGB2.2.1. Comprende, interpreta e sintetiza o contido de textos propios da vida cotiá: mensaxes electrónicas ou de móbil, de correo electrónico, normas e instrucións de uso.	90%										x		X					
	B2.3	B2.3	CCL/CSC	LGB2.3.1. Comprende, interpreta e sintetiza escritos dos medios de comunicación, especialmente, os narrativos e expositivos de estrutura descritiva e secuencial.	90%		x								x		X					
	B2.4	B2.4	CCL/CCA/CSC/CD	LGB2.4.1. Comprende, interpreta e sintetiza textos propios da vida educativa: webs educativas, información de dicionarios, glosarios e enciclopedias en distintos soportes.	80%										x		X					
			CCL	LGB2.4.2. Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe guiadas, con progresiva autonomía.	50%											x						x
	B2.5	B2.5	CCL/CAA/CD	LGB2.5.1. Usa de forma guiada as bibliotecas e as TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.	100%										x					x		
B2.6	B2.6	CCL/CSC	LGB2.6.1. Manifesta unha actitude crítica ante as mensaxes que transmiten prexuízos e reflexiona sobre os usos lingüísticos discriminatorios.	100%										x						x		
		CCL/CSC	LGB2.6.2. Identifica e evita o uso de expresións habituais que evidencian prexuízos de distinta natureza: relixiosos, raciais e sexistas.	100%											x						x	

B2.7	B2.7	CCL	LGB2.7.1. Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados e con respecto pola puntuación do texto.	100%				x				x	X						
		CCL	LGB2.7.2. Le en voz alta seguindo os patróns fonéticos do galego.	100%				x					x	X					
		CD	LGB2.7.3. Utiliza recursos das TIC para rexistrar a voz.	20%									x	X					
B2.8	B2.8	CCL	LGB2.8.1. Utiliza esquemas sinxelos e notas para ordenar as ideas e estruturar o contido do texto.	80%					x								x		
		CCL	LG2.8.2. Adecúa o texto ao rexistro coloquial ou formal segundo o requira a situación comunicativa.	100%									x		X				
		CCL	LGB2.8.3. Utiliza elementos lingüísticos e discursivos esenciais para a cohesión das ideas: conectores textuais básicos, e concordancias dentro do sintagma nominal e dentro do sintagma verbal.	100%			x		x		x					X			
		CCL	LGB2.8.4. Puntúa o texto en relación coa organización oracional e a forma do texto (os parágrafos e a distribución e organización das ideas expresadas).	100%			x		x							X			
		CCL	LGB2.8.5. Revisa o texto con respecto ás normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.	100%					x							X			
B2.9	B2.9	CCL/CSC/CD	LGB2.9.1. Produce textos propios das <i>relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas</i> ou de móbil.	20%													X		
B2.10	B2.10	CCL/CSC/CD	LGB2.10.1. Produce, a partir dun modelo, textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital.	20%							x			X					
		CCL	LGB2.10.2. Coñece a estrutura do xornal (seccións e xéneros) e os elementos paratextuais que acompañan as noticias.	100%									x	X	X		X		
B2.11	B2.11	CCL/CD	LGB2.11.1. Produce, en formato papel ou dixital, textos descritivos, narrativos e expositivos propios da vida educativa, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre tarefas e aprendizaxes realizadas.	100%			x		x								X		
B2.12	B2.12	CCL	LGB2.12.1. Produce textos de distintos xéneros: descrições, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos.	100%			x		x										
B2.13	B2.13	CCL/CD	LGB2.13.1. Utiliza, con progresiva autonomía, as funcións básicas dun procesador de textos para organizar os contidos e mellorar a presentación.	100%				x	x									X	
		CCL/CD	LGB2.13.2. Emprega os correctores ortográficos para resolver dúbidas e revisar a ortografía.	100%				x	x		x					X		X	
B2.14	B2.14	CCL/CAA	LGB2.14.1. Participa, de modo guiado, nas tarefas de revisión e mellora das producións propias e alleas.	80%							x		x		X				
		CCL/CAA	LGB2.14.2. Acepta o erro como parte do proceso de aprendizaxe e mostra unha actitude positiva de superación.	80%										x					X
	<p>Blanco Amor.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Lectura expresiva e comprensiva de «Xaneiro 1972, II», en <i>Onde o mundo se chama Celanova</i>, Celso Emilio Ferreiro. ▪ Lectura expresiva e comprensiva de «Irmaus», en <i>Longa noite de pedra</i>, Celso Emilio Ferreiro. ▪ Lectura expresiva e comprensiva de «As cousas», en <i>Que me queres, amor?</i>, Manuel Rivas. ▪ Lectura expresiva e comprensiva de «Saudemos a morte», en <i>Con pólvora e magnolias</i>, Xosé Luís Méndez Ferrín. ▪ Lectura expresiva e comprensiva de «Tríptico», en <i>Epiderme de estío</i>, Lucía Novas. ▪ Audición de poemas musicados. ▪ Actividades de comprensión textual. ▪ Reflexión oral e escrita sobre os textos. 	<p>narrativa de Eduardo Blanco Amor, resumir o seu contido e analizala desde o punto de vista estrutural e formal.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Ler expresiva e comprensivamente dous poemas de Celso Emilio Ferreiro e analízalos temática e formalmente, de xeito guiado. ▪ Ler expresiva e comprensivamente un texto de Manuel Rivas e coméntalo desde o punto de vista lingüístico e temático, de xeito guiado. ▪ Le expresiva e comprensivamente un poema de Xosé Luís Méndez Ferrín e coméntao desde o punto de vista temático, estrutural e formal, baixo guía. ▪ Ler expresiva e comprensivamente un poema de Lucía Novas e analízalo temática, estrutural e formalmente, de xeito guiado. ▪ escoitar versións musicadas de poemas lidos e analizados. 	<p>analízala desde o punto de vista estrutural e formal.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Le expresiva e comprensivamente dous poemas de Celso Emilio Ferreiro e analízalos temática e formalmente, de xeito guiado. ▪ Le expresiva e comprensivamente un texto de Manuel Rivas e coméntao desde o punto de vista lingüístico e temático, de xeito guiado. ▪ Le expresiva e comprensivamente un poema de Xosé Luís Méndez Ferrín e coméntao desde o punto de vista temático, estrutural e formal, baixo guía. ▪ Le expresiva e comprensivamente un poema de Lucía Novas e analízalo temática, estrutural e formalmente, de xeito guiado. 			
			<p>LGLB5.3.2. Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade e escribe/debate, argumentadamente, sobre os seus valores literarios.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ escoita diferentes versións musicadas de poemas lidos e analizados. 	CCL	Durante todo o curso	25%
b h l	B5.4. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos literarios representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	B5.4. Elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	LGLB5.4.1. Elabora traballos individuais e/ou colectivamente nos que se describen e analizan textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	CCL	Durante todo o curso	50%

OBXECTIVOS	BLOQUES DE CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES E INDICADORES	COMPETENCIAS CLAVE	TEMPORALIZACIÓN	GRAO DE CONSECUCCIÓN
e h l	B5.5. Consulta de fontes de información variadas e de recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes. <ul style="list-style-type: none"> Procura de información. 	B5.5. Consultar fontes de información variadas e recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes. <ul style="list-style-type: none"> Facer uso das bibliotecas presenciais e dixitais, con frecuencia e autonomía. Empregar habitualmente fontes de información diversas para realizar traballos académicos. Utilizar diferentes recursos dixitais en galego para a procura de información. Empregar recursos dixitais de lecer e relacionados coa música, a poesía e a cultura galega. Citar adecuadamente as fontes nos seus traballos escritos. 	LGLB5.5.1. Consulta fontes de información variadas para a realización de traballos e cita axeitada destas. <ul style="list-style-type: none"> Fai uso das bibliotecas presenciais e dixitais, con frecuencia e autonomía. Emprega habitualmente fontes diversas de información para realizar traballos académicos. Cita adecuadamente as fontes nos seus traballos escritos. 	CCL	Durante todo o curso	50%
			LGLB5.5.2. Emprego de diferentes recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes. <ul style="list-style-type: none"> Utiliza diferentes recursos dixitais en galego para a procura de información. Emprega recursos dixitais de lecer e relacionados coa música, a poesía e a cultura galega. Cita adecuadamente as fontes nos seus traballos escritos. 	CCL CD	Durante todo o curso	25%
h l n	B5.6. Creación ou recreación de textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos exuízos. <ul style="list-style-type: none"> Expresión escrita: creación de textos narrativos breves. Expresión escrita: creación de textos dialogados. Expresión escrita: creación de textos poéticos. Expresión escrita: creación dunha banda deseñada. Expresión oral e escrita: 	B5.6. Crear ou recrear textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos exuízos. <ul style="list-style-type: none"> Escribir textos narrativos breves, incorporando recursos estilísticos estudados na clase. Elaborar textos dialogados a partir das lecturas. Crear textos poéticos, seguindo os modelos analizados na clase. Crear unha banda 	LGLB5.6.1. Crea ou recrea textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula. <ul style="list-style-type: none"> Escribe textos narrativos breves, incorporando recursos estilísticos estudados na clase. Elabora textos dialogados a partir das lecturas. Crea textos poéticos, seguindo os modelos analizados na clase. Crea unha banda deseñada, conforme un modelo. Escribe e representa textos teatrais en grupo, aplicando 	CCL CCEC	Durante todo o curso	25%

OBXECTIVOS	BLOQUES DE CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES E INDICADORES	COMPETENCIAS CLAVE	TEMPORALIZACIÓN	GRAO DE CONSECUCIÓN
	<p>creación e representación de textos teatrais.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Expresión escrita: transformación de textos dados. 	<p>deseñada, conforme un modelo.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Escribir e representar textos teatrais en grupo, aplicando os coñecementos adquiridos na clase. ▪ Transformar textos dados de diferentes xéneros, reparando nos seus trazos estéticos fundamentais. ▪ Desenvolver o gusto pola escrita como instrumento de comunicación. ▪ Utilizar a creación literaria para analizar, expresar e regular as propias emocións, de xeito guiado. 	<p>os coñecementos adquiridos na clase.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Transforma textos dados de diferentes xéneros, reparando nos seus trazos estéticos fundamentais. <p>LGLB5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos exuízos.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Dá mostras de desenvolver o gusto pola escrita como instrumento de comunicación. ▪ Utiliza a creación literaria para analizar, expresar e regular as propias emocións, de xeito guiado. 			
				CCL CCEC	Durante todo o curso	25%

9.3.-Materiais e recursos didácticos.

❖ Libros de texto:

- Lingua e literatura 4º ESO. Xerais

❖ Material fotocopiado.

❖ Vídeos didácticos e outros materiais audiovisuais.

❖ **Dicionarios.**

❖ **Caderno de traballo do alumnado.**

❖ **Libros de lectura programada 4º ESO**

❖ *O corazón de Xúpiter.* Leticia Costas. Ed.Xerais

❖ *Poetízate.* Fran Alonso. Ed. Xerais

❖ *O vellos non deben de namorarse.* Castelao. Ed.Galaxia

Aula virtual para os cursos creados para a publicación de apuntamentos, tarefas, foros e recollida de actividades.

10. Criterios sobre a avaliación, instrumentos, cualificación e promoción do alumnado de ESO.

10.1. Procedementos de avaliación inicial

Nesta materia comezamos as primeiras sesións de clase realizando diversas actividades que nos permitan coñecer e avaliar a competencia lingüística do noso alumnado e coñecer as súas capacidades e os seus intereses.

10.2. Procedementos de avaliación continua

A práctica avaliadora deste departamento didáctico partirá:

- Da consideración da avaliación como un proceso continuo, cunha orientación formativa.
- Da necesidade de ter en conta o punto de partida de cada un dos alumnos e alumnas (avaliación inicial), para poder avaliar con xustiza as súas aprendizaxes posteriores.
- Da importancia que teñen na nosa área as actividades prácticas para acadar as competencias básicas.
- Da introdución na nosa práctica avaliadora de actividades de autoavaliación e coavaliación, para facer o alumnado consciente e participe do proceso.

10.3. Instrumentos e criterios de cualificación.

10.3.1. Ensino presencial

- Utilizaranse diversos instrumentos de avaliación establecendo para cada un deles a seguinte ponderación

Instrumentos de avaliación na ESO	<i>Ponderación</i>
Diario de clase. Traballo práctico, esforzo, responsabilidade	10 %
Producións escritas Lecturas Traballos diversos	20%
Exames e probas escritas	60%

Uso habitual da lingua oral galega e presentacións orais planificadas.	10%
--	-----

- En todas as producións escritas terase en conta a estruturación, corrección gramatical e ortográfica e todos estes aspectos serán minuciosamente avaliados. A nosa experiencia docente indícanos que se producen sensibles melloras na medida en que estes aspectos aparecen reflectidos nas notas xa que na maioría dos casos inducen a unha escrita máis atenta e reflexiva. Por tanto descontarase da puntuación de cada proba escrita, exame traballo ou texto producido 0,2 puntos por faltas de ortografía e ausencia de acentuación diacrítica e 0,1 puntos por ausencia de tiles ou incorrección dos mesmos. O desconto máximo neste concepto será de 2 puntos.
- Como regra xeral realizamos dous exames escritos por avaliación e unha proba, tamén escrita, sobre o libro de lectura correspondente a cada avaliación.
- A nota final de cada avaliación será o resultado da aplicación dos variados instrumentos de avaliación, coa ponderación que aparece reflectida no cadro. O redondeo faise considerando que nos decimais inferiores a 5 a nota será referida á unidade anterior e os decimais en 5 ou superior redondearán á unidade superior. Igual sistema será aplicado na avaliación ordinaria e extraordinaria.
- Se o alumnado non supera a materia ao longo do curso, terá oportunidade de recuperala no mes de xuño facendo un exame final ou examinándose das avaliacións suspensas.
- Estes exames, igual cá proba extraordinaria de setembro, constarán de preguntas que incidirán nos estándares mínimos da materia para este nivel.
- É condición para aprobar a materia ter avaliación positiva nos libros de lectura programada propostos polo departamento para cada nivel da ESO.
- Empregar métodos fraudulentos na realización das probas, permitir que outros copien o seu traballo ou participar en calquera actividade ou estratexia para mellorar resultados implicará a obtención automática dun cero (0) como cualificación na avaliación de referencia, sexa ordinaria ou extraordinaria.
- Calquera tipo de proba, exames, traballos diversos, producións escritas **nas que se detecte plaxio** serán penalizadas coa súa **anulación**.

Desde hai varios cursos, como apoio á promoción da lectura, dáse opción ao alumnado a escoller entre distintas obras literarias, seleccionadas para este nivel.

A avaliación destas lecturas voluntarias farase mediante unhas preguntas orais e unha valoración por escrito de cada lectura que deberá ser publicada no blog da Biblioteca do Centro “<http://biblioleiras.blogspot.com.es/>” na sección “Somos o que lemos”. Esta actividade poderá sumar como máximo 1 punto á nota de avaliación. O alumnado poderá seleccionar entre distintos libros ofertados polo departamento adaptados para cada nivel.

10.3.2. Ensino non presencial

Instrumentos de avaliación na ESO	<i>Ponderación</i>
Producións escritas Lecturas Traballos diversos	30%
Exames e probas escritas	60%
Uso habitual da lingua oral galega e presentacións orais planificadas.	10%

Calquera tipo de proba, exames, traballos diversos, producións escritas **nas que se detecte plaxio** serán penalizadas coa súa **anulación**.

10.4. Información ó alumnado, nais e pais.

Todos os traballos, probas escritas e exames realizados polo alumnado serán revisados na clase tras ser corrixidos polo profesorado. Para mellorar a ortografía o alumnado deberá elaborar no caderno un cadro onde irá anotando os erros de acentuación, acento diacrítico, castelanismos, b/v etc. Isto permítelles reflexionar sobre as faltas que tiveron e ir cometendo menos erros ó longo do curso.

Así mesmo, as integrantes do departamento dispoñen de 1 hora semanal de atención a nais e pais. A familias que o soliciten serán informadas da evolución académica dos seus fillos e fillas nesta hora de tutoría.

Por mor da situación derivada da pandemia COVID, as entrevistas serán substituídas por comunicacións a través do correo electrónico. Só en

casos excepcionais a entrevista será presencial e **sempre con cita previa**.

10.5. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente.

As actividades de avaliación da materia pendente realizaranse no curso no que está escolarizado o alumno/a, porque nos parece a única forma de que poidan ter un seguimento da súa aprendizaxe por parte do profesorado da materia e porque realmente co traballo nese curso se poden recuperar e aprender os contidos que están pendentes. Desta maneira o alumnado de 2º e 3º da ESO coa materia pendente do curso anterior superarana no momento en que aproben a 1ª ou a 2ª avaliación do curso no que están escolarizados. Se non conseguen recuperala con este sistema, farán unha proba no mes de maio no que se avalíen os estándares mínimos do nivel que teñen pendente.

O alumnado de 4º ESO coa materia pendente de 3º realizará ao longo do curso dous exames. Distribúese a materia e especificase os contidos de cada proba e proporciónanselles pautas e exercicios de repaso para preparar estes exames. Se non conseguen recuperala con este sistema, farán unha proba global no mes de maio no que se avalíen os estándares mínimos de 3º ESO.

11. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Os **principios metodolóxicos** partirán do construtivismo, funcionalidade, significatividade, interactividade, interdisciplinabilidade e ou globalidade.

Estes principios serán o eixo vertebrador para desenvolver as actividades na aula. Todo o alumnado pode aprender. Deste principio xenérico hai que descender ao que e ao como aprenden o alumnado, mesmo aquel que mostra dificultades na súa aprendizaxe, obrigándonos ao profesorado a promover a actividade mental do alumnado que posibilita o establecemento de relacións, a xeneralización, a descontextualización e a actuación autónoma, isto implica que o alumno entenda o qué fai e porqué o fai, e que teña consciencia, ao nivel que sexa, do proceso que está a seguir.

Do conxunto de relacións interactivas necesarias para facilitar a aprendizaxe dedúcense unha serie de **funcións do profesorado** que teñan como punto de partida **a planificación:**

1. Planificar a actuación docente dunha maneira flexible que permita a adaptación ás necesidades do alumnado en todo proceso de ensinanza -aprendizaxe.
2. Contar coas aportacións e os coñecementos do alumnado, tanto no inicio das actividades como durante a súa realización.
3. Axudarlles a atoparlle senso ao que fan para que coñezan o que teñen que facer, que sintan que o poden facer e que lles resulte interesante facelo.
4. Establecer retos e desafíos ao seu alcance que poidan ser superados co esforzo e a axuda necesarios.
5. Ofrecer axudas adecuadas aos progresos que o alumno experimenta e aos obstáculos que atopa.
6. Promover a actividade mental autoestruturante que lle permita ao alumnado establecer o máximo de relacións co novo contido.
7. Establecer un ambiente e unhas relacións, presididas polo respecto mutuo e polo sentimento de confianza, que promovan a autoestima e o autoconcepto.
8. Promover canles de comunicación que regulen os procesos de participación e negociación.
9. Potenciar a autonomía do alumnado no establecemento de obxectivos, na planificación das accións e na súa realización e control, posibilitando que aprendan a aprender.
10. Valorar ao alumnado segundo as súas capacidades e o seu esforzo, tendo en conta o punto persoal de partida e o proceso mediante o que adquiren coñecementos, e incentivando a **autoavaliación** das competencias como medio para favorecer as estratexias de control e a regulación da propia actividade.

As **secuencias de actividades** de ensino-aprendizaxe ou secuencias didácticas son a maneira de encadear e articular as diferentes actividades ao longo das unidades didácticas.

Para favorecer un maior grao de significatividade establecemos unha serie de premisas acerca das diferentes secuencias didácticas co obxectivo de recoñecer a súa validez pero, sobre todo, de facilitarnos pistas para reforzar algunhas actividades ou engadir outras novas. Podemos preguntarnos se na secuencia didáctica existen actividades:

1. Que nos permitan determinar os coñecementos previos que ten cada alumno-a en relación cos novos contidos de aprendizaxe.
2. Nas que se presentan os contidos de forma que sexan significativos e funcionais para os rapaces e rapazas.
3. Que teñan en conta as súas competencias actuais e as fagan avanzar coa axuda necesaria.
4. Que provoquen o conflito cognitivo e promovan actividade mental do alumnado necesaria para que estableza relacións entre os novos contidos e os coñecementos previos.
5. Que fomenten unha actitude favorable, é dicir, que sexan motivadoras, en relación coa aprendizaxe de novos contidos.
6. Que estimulen a autoestima e o autoconcepto en relación coas aprendizaxes que se propoñen, é dicir, que o alumno poida sentir que en certo grao aprendeu, que o seu esforzo pagou a pena.
7. Que lle axuden ao alumnado a adquirir habilidades relacionadas co aprender a aprender, que lle permitan ser cada vez máis autónomo nas súas aprendizaxes.

A modo de resumo sinalamos a necesidade de empregar **métodos diversos e plurais**, abertos e flexibles, facendo uso:

1. Da análise e da síntese.
2. Da reflexión crítica e da memoria comprensiva.
3. Da utilización de fontes de información variadas.
4. Da implicación do saber coa realidade circundante
5. Das tarefas que impliquen imaxinación, comparación, clasificación e resumo.
6. Das actividades que esixan escribir de novo, revisar e perfeccionar as actividades iniciais.
7. Das actividades que comprometan ós estudantes na aplicación de regras significativas como normas ou disciplinas controlando o feito, someténdoo a análise de estilo e sintaxe.
8. Das actividades que lles dean a oportunidade de planificar con outros e participar no seu desenvolvemento e resultados.
9. Das actividades que recollan os intereses dos alumnos/as para que se compromentan persoalmente.

As liñas metodolóxicas expostas no anterior apartado promoverán na nosa área:

a) **O enfoque comunicativo.**

Creemos que a área debe contribuír eficazmente ó desenvolvemento das catro capacidades, polo que se debe primar un enfoque que potencie a interrelación entre elas, de maneira que o que se consiga sexa unha mellora da competencia lingüística en xeral; algo que só se pode conseguir se se ten en conta esa realidade na escolla dos contidos e no deseño das actividades que se realicen na aula.

b) **A potenciación da práctica oral.**

Dada a situación social do galego, hoxe temos o feito de que un sector da sociedade non é quen de expresarse con corrección e con fluidez na lingua propia do país, polo que, na práctica, renuncia a utilizala. As aulas poden ser un poderoso factor que axude a corrixir esta situación, traballando cos alumnos os recursos léxicos e expresivos que fan posible unha rica fluidez verbal.

c) **A importancia da lectura.**

Creemos que a lectura, a lectura en galego, tanto na súa dimensión informativo-formativa como na súa dimensión lúdica e de desenvolvemento do gusto literario, debe ocupar un lugar privilexiado nas clases de Lingua e Literatura.

d) **O papel relevante da escritura.**

A capacidade de expresión escrita é esencial no desenvolvemento da persoa, pensamos que debe ocupar un papel relevante na área de Lingua Galega. Cando dicimos isto, estamos a pensar nunha escrita de carácter instrumental, pero tamén nunha escrita de carácter persoal, que sirva para comunicar as nosas ideas, e nunha escrita creativa, que nos permita desenvolver capacidades que doutro xeito non desenvolveríamos.

e) **Unha atención especial ó feito literario desde unha perspectiva histórica.**

f) **O papel instrumental da morfosintaxe.**

Creemos tamén que a súa función, na ESO, debe ser só de carácter instrumental. É dicir, debe estar ó servizo da competencia expresivo-comunicativa, de maneira que se traballen sobre todo aqueles contidos que nos serven para mellorar a nosa práctica oral, a nosa comprensión lectora e a nosa escritura.

g) **A importancia dos medios de comunicación.**

É innegable que unha boa parte das mensaxes que lemos ou escoitamos chégannos a través dos chamados medios de comunicación de masas, tanto escritos como audiovisuais. As súas mensaxes teñen unhas características e uns códigos específicos, que é necesario coñecer. De aí que creamos que estes medios teñen que estar moi presentes nas aulas, e que as súas mensaxes teñen que ser analizadas e estudiadas, para un mellor coñecemento das mesmas, imprescindible se queremos evitar unha recepción acrítica.

i) **O fomento de actitudes positivas cara á lingua.**

As actitudes negativas cara á lingua, presentes hoxe na nosa sociedade, son o problema esencial co que hoxe se enfrenta a normalización lingüística. Estas actitudes, baseadas en prexuízos e desinformacións, deben ter un tratamento específico na Área de Lingua e Literatura Galegas, a través dos contidos, das actividades e, sobre todo, a través das actitudes do profesorado, de maneira que vaian desaparecendo e sendo substituídas por actitudes positivas cara á lingua e a súa normalización social.

Nalgúns grupos levaranse a cabo actividades seguindo a metodoloxía dos Círculos Restaurativos.

12.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

12.1.- Medidas de atención á diversidade

Medidas organizativas

- Actividades de ampliación e/ou reforzo para aqueles casos en que o ritmo difira do conxunto da clase, e que dependerán das necesidades específicas de cada caso.
- Agrupamento específico en 1º de ESO
- Reforzo (Exención de Francés) en 1º ESO

Medidas curriculares

- Adaptacións Curriculares Significativas (ACS): 3 en 1º ESO, 3 en 2º ESO
- A partir de 2º, a atención ao alumnado con materias pendentes como unha medida de atención á diversidade máis.
- Apoio por parte do profesor de Pedagogía Terapéutica, para aquel alumnado que se determine.

Medidas adoptadas co alumnado TDAH: as previstas nos correspondentes protocolos de actuación e o seguimento das orientacións do Departamento de Orientación.

12.2.- Alumnado con NEAE

Alumnado TDAH/TDA

1ºESO: 1

2ºESO:6

3ºESO: 3

4ºESO: 2

2ºBAC:1

Alumnado con Dislexia/Disgrafía

1ºESO: 1 (Dislexia)

2ºESO:1 (Disgrafía)

Alumnado con Altas Capacidades

1ºESO: 1

3ºESO: 1

4ºESO: 1

1ºBAC:1

Alumnado Asperger

2ºESO:1

3ºESO: 1

4ºESO: 1

1ºBAC:1

Alumnado Exento de Lingua Galega:

1ºESO: 4

4ºESO: 2

1ºBAC:2

13.- TRANSVERSALIDADE

Segundo o establecido no *Decreto 86/2015, de 25 de xuño polo que se regula o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia* os elementos transversais que deben traballarse a través de todas as materias son os seguintes:

- Comprensión lectora.
- Expresión oral e escrita.
- Comunicación audiovisual.
- Tecnoloxías da información e da comunicación.
- Emprendemento.
- Educación cívica e constitucional.

Alén disto, tamén son considerados elementos transversais a ter en conta tanto nas programacións docentes como no desenvolvemento das aulas os seguintes valores e conceptos:

	<ul style="list-style-type: none">– Igualdade efectiva entre homes e mulleres.– Prevención da violencia de xénero.– Prevención da violencia contra persoas con discapacidade.– Igualdade de trato e non discriminación.– Prevención de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.
--	---

Igualdade e respecto	<ul style="list-style-type: none"> – Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos nos ámbitos persoal, familiar e social. – Aprendizaxe dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, o respecto ás persoas con discapacidade, o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
	<ul style="list-style-type: none"> – Evitación de comportamentos e de contidos sexistas. – Evitación dos estereotipos que supoñan discriminación por razón de orientación sexual ou de identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.
Emprendemento	<ul style="list-style-type: none"> – Fomento das participación do alumnado en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa e o traballo en equipo, a confianza nun/nunha mesmo/a e o sentido crítico.
Educación viaria	<ul style="list-style-type: none"> – Promoción de accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico con fin de divulgar entre o alumnado dos seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías como peóns, viaxeiros/as e condutores/as, o respecto polas normas e os sinais para así favorecer a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía de modo que se tenda á evitación dos accidentes de tráfico e das súas secuelas.

Todos estes aspectos aparecen amplamente representados tanto nos contidos como nos textos, nos exemplos e nas actividades do libro de texto e outros materiais que manexemos.

14.- BAC

14.1. INTRODUCCIÓN

As linguas son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. A través delas achegámonos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.

A formación lingüística é un instrumento que ten como obxecto falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e experiencias, sobre o mundo, é un medio para as relacións interpersoais e o recoñecemento da alteridade, é motor do noso pensamento e das nosas reflexións e porta de acceso ao coñecemento. Ten que ser unha ferramenta para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, ademais de sensibilizar cara aos usos creativos e lúdicos das linguas e permitir unha achega ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

A educación plurilingüe e intercultural adopta enfoques plurais transversais e integradores. A súa finalidade é promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Pola súa banda, mediante o diálogo intercultural póñense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural e o respecto dos dereitos fundamentais. Aínda que cada lingua ten as súas características propias, que requiren un tratamento e un traballo específicos, hai determinados aspectos do currículo que precisan ben seren abordados de maneira parella e utilizar a mesma terminoloxía nas dúas linguas para non dificultar

innecesariamente o proceso de aprendizaxe do alumnado, segundo contempla o artigo 8 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

O tratamento integrado das linguas debe considerar o punto de partida diferente de cada unha delas. Xa que logo, non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega. Cómpre favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización. O alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz das dúas nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.

O tratamento de todos estes contidos abordarase desde unha óptica competencial, valorando as relacións que cada un deses contidos ten coas competencias clave, que aparecen especificadas, a partir dos estándares de aprendizaxe avaliáveis, no currículo da materia.

A avaliación, por iso mesmo, será competencial e terá en conta a relación que se establece no currículo entre os estándares de aprendizaxe, detallados en cada bloque e as competencias clave.

A materia de Lingua Galega e Literatura preséntase estruturada en cinco bloques:

- Bloque 1, "Comunicación oral. escoitar e falar", atende ao uso oral da lingua. Incide, sobre todo, na necesidade de que o alumnado galego teña modelos de fala adecuados e poida pór en práctica a súa lingua dentro e fóra da aula en contextos formais e informais.
- Bloque 2, "Comunicación escrita. Ler e escribir", ocúpase da comprensión e a produción escrita.
- Bloque 3, "Funcionamento da lingua", integra contidos relacionados co código e a súa organización e responde á necesidade de reflexión sobre a propia lingua coa finalidade de capacitar para o seu uso correcto, sen concibir os coñecementos lingüísticos como un fin en si mesmo.

- Bloque 4, "Lingua e sociedade", pretende que o alumnado comprenda os procesos sociolingüísticos e identifique os prexuízos para a súa superación. Así mesmo, persegue que recoñeza e empregue termos sociolingüísticos de xeito preciso.
- Bloque 5, "Educación literaria", asume o obxectivo de facer do alumnado lectorado competente, que integre a lectura como un mecanismo de comprensión do propio eu e da sociedade ao longo de toda a súa vida, a través do achegamento á historia da literatura galega, así como ás súas

14.2.Obxectivos

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, no que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, establece os obxectivos para este nivel que contribuirán a desenvolver no alumnado capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación. h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo

contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural. ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Igualmente o referido decreto establece cales son as **competencias clave** do currículo:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

O departamento de galego imparte nesta etapa educativa, ademais da materia de Lingua e literatura galega de 1º e 2º de BAC, 1 materia optativa:

- *Literatura universal en 1º BAC*
- *Prácticas textuais 1º BAC*

15.- LINGUA GALEGA E LITERATURA. 1º DE BACHARELATO

15.1. OBXECTIVOS

15.1.1. OBXECTIVOS XERAIS PARA 1º BACHARELATO

1. Exercer a cidadanía democrática desde unha perspectiva global e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de Autonomía de Galiza, así como polos dereitos humanos, que fomenta a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
2. Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma, desenvolver o seu espírito crítico e ser quen de prever e resolver pacífica e dialogadamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
3. Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
4. Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina intelectual, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

5. Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
6. Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
7. Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación (TICs).
8. Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
9. Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
10. Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
11. Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galiza e contribuír activamente á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

15.1.2. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA 1º BACHARELATO

1. Producir textos orais e escritos respectuosos coas regras de coherencia, cohesión, adecuación, presentación e corrección ortográfica que facilitan a comunicación lingüística.
2. Elaborar exposicións orais e composicións escritas realizadas de xeito documentado e cun vocabulario rico e rigoroso.
3. Respectar e aplicar as normas básicas que rexen o intercambio e a interacción comunicativa.
4. Ler comprensivamente.
5. Analizar e comentar textos de natureza diversa e cun nivel de dificultade adaptado aos obxectivos propios desta etapa.
6. Pescudar, seleccionar e integrar información procedente de fontes bibliográficas e audiovisuais proporcionadas polas bibliotecas, polas tecnoloxías da información e por outras fontes.

7. Valorar a nosa lingua como elemento de identidade colectiva e o esforzo e o compromiso individual e colectivo a prol da normalización lingüística.
8. Amosar interese pola literatura como manifestación artística do ser humano, como fonte de formación permanente e de enriquecemento e satisfacción persoais.
9. Analizar e reflexionar sobre obras e fragmentos de diversos períodos literarios.
10. Comprender e reflexionar sobre os principais conceptos de lingüística xeral que teñen que ver coa comunicación e a linguaxe: comunicación, linguaxe, lingua, unidades lingüísticas, signo lingüístico, funcionalidade lingüística e disciplinas lingüísticas.
11. Identificar os distintos tipos de rexistro lingüístico e as súas manifestacións lingüísticas.
12. Aplicar ás producións propias os coñecementos sobre os rexistros, así como identificalos e analizalos en producións alleas.
13. Recoñecer a presentación e a corrección ortográfica como dúas propiedades textuais que deben aplicarse ás producións propias.
14. Repasar casos de ortografía dubidosa.
15. Recoñecer e identificar os trazos característicos das categorías gramaticais substantivo e adxectivo, explicar os seus usos e valores nos textos.
16. Recoñecer e identificar os trazos característicos de outras palabras adnominais (artigo, demostrativo, posesivo, cuantificadores e identificadores), así como a súa tipoloxía.
17. Recoñecer e identificar as características lingüísticas do verbo e os seus usos (a conxugación verbal regular e irregular, as perífrases verbais, o infinitivo conxugado).
18. Caracterizar (intención comunicativa, estrutura formal e de contido e características lingüísticas), identificar e producir textos descritivos, narrativos, argumentativos, expositivos e dialogados pertencentes a distintos ámbitos de uso.

19. Identificar as características lingüísticas e a tipoloxía dos conectores (preposicións, conxuncións e locucións prepositivas).
20. Empregar adecuadamente conectores para dotar de coherencia as propias producións.
21. Recoñecer e identificar as características lingüísticas dos adverbios e conxuncións adverbiais, a súa tipoloxía e os seus usos.
22. Aplicar ás producións propias, orais e escritas os coñecementos e destrezas sobre ortografía, morfosintaxe e gramática textual.
23. Comprender e describir o proceso de formación do idioma galego e das demais linguas romances a partir do latín.
24. Identificar os elementos constitutivos do galego procedentes do substrato e do superestrato, así como do estrato latino.
25. Recoñecer as principais evolucións fonéticas que se producen no proceso de transformación do latín ao galego.
26. Distinguir e empregar adecuadamente os cultismos, semicultismos e as palabras patrimoniais.
27. Identificar e describir as características lingüísticas fundamentais do galego en distintas etapas da súa historia (medieval, séculos XVI, XVII e XVIII e período do Rexurdimento, no século XIX) e ser quen de localizalas e analizalas en textos.
28. Identificar e describir os principais factores relativos ao contexto histórico, social, político, filosófico, relixioso, etc. que condicionan e determinan a evolución social e de usos do idioma galego en distintas etapas da súa historia (medieval, séculos XVI, XVII e XVIII e período do Rexurdimento, no século XIX).
29. Coñecer e valorar a diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica.
30. Comprender e empregar adecuadamente nas análises os conceptos básicos da sociolingüística.
31. Definir con rigor os conceptos de “literatura” e “texto literario”.
32. Caracterizar os diferentes xéneros literarios e analizar os seus principais recursos.

33. Describir a cronoloxía xeral da historia da literatura galega.
34. Contextualizar sociohistórica e sociolingüísticamente textos literarios das diferentes etapas.
35. Recoñecer e analizar textos da literatura medieval: a lírica profana (cantiga de amor, de amigo e de escarnio), a lírica relixiosa (as cantigas de Santa María) e a prosa medieval.
36. Recoñecer e analizar textos da literatura dos chamados Séculos Escuros e da Ilustración, así como da literatura popular oral.
37. Recoñecer e analizar textos literarios do século XIX, correspondentes ás fases do Pre-Rexurdimento e do Rexurdimento, en particular das principais figuras dese período: Rosalía de Castro, Curros Enríquez e Pondal

15.2.- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- 1º BAC	
Critério de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.1. Aplicar estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para comprender, analizar e comentar o texto na súa integridade	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.1.1. Recolle as ideas fundamentais do texto en resumos, esquemas e mapas conceptuais.
B2.1. Aplicar estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para comprender, analizar e comentar o texto na súa integridade	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.1.2. Interpreta o sentido global do texto, identifica o propósito comunicativo do/da autora e emite opinións e xuízos sobre a mensaxe.
B2.1. Aplicar estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para comprender, analizar e comentar o texto na súa integridade	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.1.3. Distingue o tema principal e os subtemas e compón o esquema xerarquizado das ideas do texto.
B2.2. Compoñer producións escritas planificadas adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección gramatical e boa presentación.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.2.1. Selecciona e presenta os contidos dos seus textos de forma clara e ordenada
B2.2. Compoñer producións escritas planificadas adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección gramatical e boa presentación.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.2.3. Utiliza o rexistro lingüístico axeitado á situación comunicativa das súas producións.
B2.2. Compoñer producións escritas planificadas adecuadas á situación e á	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.2.4. Utiliza mecanismos variados de cohesión lingüística.

intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección gramatical e boa presentación.	
B2.3. Comprender, producir e sintetizar o contido de textos expositivos e argumentativos de tema especializado do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.3.1. Comprende, interpreta e sintetiza tanto o contido de materiais de consulta (dicionarios, glosarios e enciclopedias) e textos argumentativos e expositivos (ensaios). ▪ ▪
B2.3. Comprender, producir e sintetizar o contido de textos expositivos e argumentativos de tema especializado do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.3.2. Identifica o tema e a estrutura de textos de carácter expositivo e argumentativo, de tema especializado, propios do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural. ▪ ▪
B2.3. Comprender, producir e sintetizar o contido de textos expositivos e argumentativos de tema especializado do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.3.3. Sintetiza e distingue as ideas principais e as secundarias de textos de carácter expositivo e argumentativo propios do ámbito educativo. ▪ ▪
B2.3. Comprender, producir e sintetizar o contido de textos expositivos e argumentativos de tema especializado do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural	LGB2.3.6. Emprega léxico preciso e especializado e evita o uso de coloquialismos e palabras comodín.
B2.8. Caracterizar, identificar e producir textos argumentativos pertencentes a distintos ámbitos de uso.	LGB2.8.1. Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal e de contido e as características lingüísticas dos textos argumentativos
B3.3. Producir textos escritos ou orais de diferentes xéneros mostrando un correcto nivel de corrección gramatical, presentación, adecuación, coherencia, cohesión e corrección.	LGB3.3.1. Produce textos escritos ou orais de diferentes xéneros mostrando un correcto nivel de corrección gramatical, presentación, adecuación, coherencia, cohesión e corrección.
B5.7. Identificar, analizar e describir a literatura do Rexurdimento: contextualizar sociohistórica e sociolingüisticamente a produción do Prerrexurdimento e o Rexurdimento pleno ata 1916 e describir e analizar as obras e os/as autores/as principais deste período.	LGB5.7.1. Identifica, analiza e describe a literatura do Rexurdimento: contextualiza sociohistórica e sociolingüisticamente a produción do Prerrexurdimento e o Rexurdimento pleno ata 1916 e describe e analiza as obras e os/as autores/as principais deste período.
B5.8. Ler textos significativos dos/das principais autores/as do Prerrexurdimento, o Rexurdimento pleno e os comezos do século XX ata 1916, identificando as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.	LGB5.8.1. Le e comenta textos representativos da literatura do Rexurdimento (tanto do Prerrexurdimento como do Rexurdimento pleno e a literatura de comezos do século XX ata 1916), caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.

15.3. ORGANIZACIÓN DOS CONTIDOS CURRICULARES, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, INDICADORES DE CONSECUCIÓN, GRAO DE CONSECUCIÓN E TEMPORALIZACIÓN

UNIDADE 1

CONTIDOS CURRICULARES	CONTIDOS DA UNIDADE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	TEMPORALIZACIÓN
<p>Bloque 1</p> <p>1. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais e audiovisuais de natureza diversa.</p> <p>2. Comprensión, interpretación e valoración de textos expositivos e argumentativos sobre temas especializados do ámbito educativo.</p> <p>3. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais procedentes dos medios de comunicación social (entrevistas, documentais, series e películas).</p> <p>4. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa, cunha actitude de interese, de cooperación e de respecto.</p>	<p>LINGUA E COMUNICACIÓN</p> <p>1. Sociedade e comunicación humana.</p> <p>2. Comunicación animal.</p> <p>3. Elementos que interveñen no acto de comunicación.</p> <p>4. Funcións da linguaxe.</p> <p>5. Signo lingüístico: significante e significado.</p> <p>6. A dobre articulación da linguaxe.</p> <p>7. A lingua como sistema.</p> <p>8. As variedades lingüísticas. Os rexistros.</p> <p>9. A comunicación escrita.</p> <p>O GALEGO COMO LINGUA ROMÁNICA. DO LATÍN AO GALEGO</p>	<p>1. Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais e audiovisuais.</p> <p>2. Comprender, interpretar e valorar textos orais de carácter expositivo e argumentativo sobre temas especializados (conferencias, clases, charlas, presentacións e videoconferencias).</p> <p>3. Comprender, interpretar e valorar textos orais e audiovisuais dos medios de comunicación (entrevistas, documentais, series e películas).</p> <p>4. Desenvolver habilidades de escoita activa, para identificar os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao texto.</p> <p>5. Realizar producións orais planificadas,</p>	<p>1º Trimestre</p>

<p>6. Expor oralmente con rigor e claridade un tema especializado de textos do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural.</p>	<p>6. Recoñece as distintas estratexias de organización do contido nunha exposición oral sobre un tema especializado propio do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural.</p>	<p>5. É quen de identificar as características dos xéneros informativos e de opinión procedentes dos medios de comunicación social.</p>	<p>50%</p>
<p>7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada,</p>	<p>7. Escoita de maneira activa, toma notas e formula preguntas coa intención de aclarar ou ampliar ideas que se desprenden da exposición.</p>	<p>6. Identifica os recursos que dan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso.</p>	<p>30%</p>
<p>7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada,</p>	<p>8. Recoñece a intención comunicativa, as ideas principais e relevantes de programas de radio e televisión (entrevistas, documentais, series e películas).</p>	<p>7. Valora e emprega os trazos non verbais que acompañan o discurso (os aspectos prosódicos como a entoación, as pausas, o ton, o timbre e o volume, así como a linguaxe corporal adecuada: mirada e posición do corpo).</p>	<p>50%</p>
<p>7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada,</p>	<p>8. Valora e emprega as normas que rexen a cortesía na comunicación</p>	<p>8. Valora e emprega as normas que rexen a cortesía na comunicación</p>	<p>50%</p>

con coherencia, cohesión e corrección.	9. Identifica as características propias dos principais xéneros informativos e de opinión procedentes dos medios de comunicación social.	oral; respecta as quendas e as opinións alleas.	30%
8. Participar activa e argumentadamente en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.	10. Analiza e explica os recursos verbais e non verbais.	9. Planifica os seus textos orais para producir discursos adecuados, coherentes e ben cohesionados.	60%
9. Participar en interaccións sobre temas de interese persoal, ou social ou asuntos da vida cotiá, nun rexistro formal, neutro ou informal.	11. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso.	10. Emprega o rexistro adecuado á situación comunicativa.	40%
10. Aplicar os coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecer en exposicións orais propias e alleas as dificultades expresivas.	12. Coñece, valora e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral; respecta as quendas e as opinións alleas.	11. Presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical. .	30%
11. Participar oralmente cunha fonética e prosodia correcta, valorar esta pronuncia e amosar unha actitude crítica ante os prexuizos que se poidan asociar a ela.	13. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público.	12. Ten o hábito de consultar fontes de información diversas, empregando as TIC para documentarse.	40%
	14. Planifica os seus textos orais e produce discursos adecuados, coherentes e ben cohesionados.	13. Revisa gramaticalmente os textos e elabora unha boa presentación.	50%
	15. Consulta fontes de información diversas e revisa os borradores e esquemas.	14. Expón un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical.	60%
		15. Emprega léxico preciso e especializado para expoñer un tema do currículo, evitando o uso de coloquialismos e palabras comodín.	40%

<p>16. Presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical.</p>	<p>16. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa, con coherencia e cohesión.</p>	<p>50%</p>
<p>17. Utiliza o rexistro adecuado á situación comunicativa.</p>	<p>17. Respecta nas súas producións orais espontáneas as regras morfosintácticas, en especial a colocación do pronome átono.</p>	<p>30%</p>
<p>18. Emprega axeitadamente os elementos prosódicos e (entoación e pronuncia axeitada, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal (mirada e posición do corpo) así como o autocontrol das emocións ao falar en público.</p>	<p>18. Emprega a fonética galega.</p>	<p>40%</p>
<p>19. Emprega as TIC para documentarse bibliograficamente, revisar gramaticalmente o texto e elaborar unha presentación atractiva e innovadora.</p>	<p>19. Usa nos textos orais espontáneos expresións propias do galego (infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada), así como un léxico rico e variado.</p>	<p>40%</p>
<p>20. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical.</p>	<p>20. É quen de achegar argumentos comprensibles e convincentes.</p>	<p>100%</p>
<p>21. Emprega léxico preciso e especializado e evita o uso de coloquialismos e palabras comodín.</p>	<p>21. Emprega unha linguaxe non discriminatoria.</p> <p>22. Identifica nas emisións propias e alleas as dificultades expresivas (incoherencias, repeticións, ambigüidades, mal uso dos rexistros pobreza léxica, fonética inadecuada), as interferencias lingüísticas e desviacións da norma.</p>	<p>50%</p>
<p>22. Emprega recursos verbais e non verbais en textos expositivos.</p>		

	<p>23. Adecúa o texto segundo a intención comunicativa, o tema e o xénero textual.</p> <p>24. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.</p> <p>25. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).</p> <p>26. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada.</p> <p>27. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.</p> <p>28. Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras.</p>	<p>23. Emprega a variante dialectal propia.</p>	<p>20%</p>	
--	---	---	------------	--

29. Aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatória.

30. Desenvólvese con eficacia en situacións que xorden na vida diaria así como noutras de estudo ou traballo e participa en conversas informais.

31. Recoñece en exposicións propias e alleas as dificultades expresivas (incoherencias, repeticións, ambigüidades, mal uso dos rexistros pobreza léxica, fonética e entoación inadecuada) e identifica interferencias lingüísticas e desviacións da norma.

32. Deseña estratexias para mellorar e progresar de xeito autónomo.

33. Recoñece a emisión dunha pronuncia galega correcta, identifica os erros na produción oral allea e produce discursos orais que respectan as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega.

	<p>34. Recoñece e rexeita argumentadamente os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia propia da lingua galega.</p> <p>35. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.</p>			
--	--	--	--	--

UNIDADE 16. BLOQUE 2

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE CONSECUCIÓN	GRAO DE CONSECUCIÓN	COMPETENCIAS
<p>1. Aplicar estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para comprender, analizar e comentar o texto na súa integridade.</p> <p>2. Compoñer producións escritas planificadas adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección gramatical e boa presentación.</p> <p>3. Planificar, producir e revisar textos de investigación a partir da información obtida en fontes impresas e dixitais e con axuda dos recursos que ofrecen as TIC.</p>	<p>1. Recolle as ideas fundamentais do texto en resumos, esquemas e mapas conceptuais.</p> <p>2. Interpreta o sentido global do texto, identifica o propósito comunicativo do/da autora e emite opinións e xuízos sobre a mensaxe.</p> <p>3. Distingue o tema principal e os subtemas e compón o esquema xerarquizado das ideas do texto.</p> <p>4. Utiliza recursos bibliográficos, audiovisuais e dixitais para</p>	<p>1. Fai resumos, esquemas e mapas conceptuais recollendo as ideas fundamentais dos textos.</p> <p>2. Entende o sentido do texto e identifica o propósito comunicativo do/da autora.</p> <p>3. Emite opinións e xuízos sobre a mensaxe.</p> <p>4. Xerarquiza as ideas do texto.</p> <p>5. Consulta diversos recursos para comprender mellor a información.</p> <p>6. Presenta os seus textos de forma clara e ordenada.</p>	<p>100%</p> <p>100%</p> <p>50%</p> <p>60%</p> <p>40%</p> <p>80%</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CD</p> <p>CEC</p> <p>AIP</p>

facilitar a comprensión e complementar a información do texto.	7. Recoñece e é quen de describir as características dos distintos tipos de rexistro.	40%
5. Selecciona e presenta os contidos dos seus textos de forma clara e ordenada.	8. Usa o rexistro lingüístico axeitado á situación comunicativa.	50%
6. Identifica e describe as características lingüísticas dos distintos tipos de rexistro.	9. Redacta utilizando mecanismos variados de cohesión.	70%
7. Utiliza o rexistro lingüístico axeitado á situación comunicativa das súas producións.	10. As súas producións atenden ás normas ortográficas e morfolóxicas.	100%
8. Utiliza mecanismos variados de cohesión lingüística.	11. Consulta fontes dixitais, compara información e selecciónaa adecuadamente.	50%
9. Axústase ás normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	12. Planifica os escritos e revísaos con axuda de ferramentas dixitais.	10%
10. Consulta fontes dixitais, contrasta e selecciona a información relevante mediante fichas-resumo.	13. Respecta as normas de presentación dos traballos.	100%
11. Planifica os escritos en función dunha orde predefinida e revisa o proceso de escritura con axuda de ferramentas dixitais.	14. Identifica a intención comunicativa, a estrutura e as características lingüísticas dos textos poéticos.	70%
	15. Comprende o contido dos textos poéticos.	70%
		70%

	12. Respecta as normas de presentación dos traballos escritos, a organización en epígrafes, procedementos de cita, notas a pé de páxina, bibliografía.	16. Identifica a intención comunicativa, a estrutura e as características lingüísticas dos textos narrativos. 70%	
		17. Comprende o contido dos textos narrativos. 70%	
		18. Identifica a intención comunicativa, a estrutura e as características lingüísticas dos textos teatrais. 70%	
		17. Comprende o contido dos textos teatrais. 70%	

UNIDADE 16. BLOQUE 4

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE CONSECUCIÓN	GRAO DE CONSECUCIÓN	COMPETENCIAS
1. Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde o século XIX ata 1916), describir o seu contexto e identificalo en textos, elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos anteriores a 1916.	1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde o século XIX ata 1916).	1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde o século XIX ata 1916).	75%	CCL
	2. Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno (desde o século XIX ata 1916) así como a súa situación sociolingüística.	2. Describe o contexto histórico do galego moderno (desde o século XIX ata 1916).	75%	CSC
	3. Analiza a repercusión da etapa de nacemento do galego moderno (desde o século XIX ata 1916) no	3. Identifica o galego moderno (desde o século XIX ata 1916) en textos literarios e non literarios.	40%	CEC AIP

	desenvolvemento posterior da lingua.	4. Describe o contexto histórico e cultural da Galiza decimonónica.	75%	
	4. Identifica o galego moderno (desde o século XIX ata 1916) en documentos literarios e non literarios.	5. Comprende e é quen de describir a situación sociolingüística de Galiza no século XIX.	40%	
	5. Elabora traballos de xeito individual e/ou en grupo nos que se describen e analizan textos anteriores a 1916.	6. É quen de explicar as repercusións desta etapa na posterior situación sociolingüística e o desenvolvemento do galego.	40%	
		7. Identifica o galego moderno (desde o século XIX ata 1916) en documentos non literarios e literarios.	40%	
		8. Elabora traballos de xeito individual e/ou en grupo nos que se analizan textos do século XIX.	100%	

UNIDADE 16. BLOQUE 5

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE CONSECUCIÓN	GRAO DE CONSECUCIÓN	COMPETENCIAS
1. Identificar, analizar e describir a literatura do Rexurdimento: contextualizar sociohistórica e sociolingüísticamente a produción	1. Identifica, analiza e describe a literatura do Rexurdimento: contextualiza sociohistórica e sociolingüísticamente a produción	1. Identifica a produción literaria do Rexurdimento pleno.	100%	CCL
		2. Contextualiza sociohistórica e	100%	CSC

<p>do Prerrexurdimento e o Rexurdimento pleno ata 1916 e describir e analizar as obras e os/as autores/as principais deste período.</p>	<p>do Prerrexurdimento e o Rexurdimento pleno ata 1916 e describe e analiza as obras e os/as autores/as principais deste período.</p>	<p>sociolingüísticamente a literatura desta etapa.</p>		CEC
<p>2. Ler textos significativos dos/das principais autores/as do Prerrexurdimento, o Rexurdimento pleno e os comezos do século XX ata 1916, identificando o xénero ao que pertencen, as súas características temáticas e formais e a súa relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico ao que pertencen.</p>	<p>2. Le e comenta textos representativos da literatura do Rexurdimento (tanto do Prerrexurdimento como do Rexurdimento pleno e a literatura de comezos do século XX ata 1916), caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co seu contexto sociohistórico e sociolingüístico.</p>	<p>3. Describe e analiza as principais obras de Eduardo Pondal.</p>	70%	AIP
		<p>4. Describe e analiza as principais obras de Curros Enríquez.</p>	70%	
		<p>5. Le e comenta textos significativos das obras de Eduardo Pondal.</p>	70%	
		<p>6. Le e comenta textos significativos das obras de Curros Enríquez.</p>	70%	
		<p>7. Le e comenta textos significativos das obras doutros autores do Rexurdimento.</p>	10%	
		<p>8. Pon en relación os textos de Eduardo Pondal co contexto sociohistórico e sociolingüístico.</p>	40%	
		<p>9. Pon en relación os textos de Curros Enríquez co contexto sociohistórico e sociolingüístico.</p>	55%	
		<p>10. Coñece e valora as producións artísticas realizadas (nomeadamente musicais) sobre as obras literarias de Curros e Pondal.</p>	10%	

	11. Le e comenta textos narrativos e dramáticos de finais do século XIX.	10%	
	12. Pon en relación textos en prosa ou de teatro de finais do século XIX co seu contexto sociohistórico e sociolingüístico.	10%	
	13. Describe e analiza as principais obras narrativas e dramáticas de finais do século XIX.	10%	

15.3. Materiais e recursos didácticos.

❖ Libros de texto:

- Lingua galega e literatura.1º BAC. Baía Edicións.

❖ Material fotocopiado.

❖ Vídeos didácticos e outros materiais audiovisuais.

❖ Dicionarios.

❖ **Caderno de traballo do alumnado.**

❖ **Libros de lectura programada:**

- ❖ *A arte de trobar.* Santiago Lopo. Ed. Xerais
- ❖ *Instrucións para tomar café.* Manuel Núñez Singala. Ed. Galaxía.
- ❖ *Follas Novas.* Rosalía de Casto

Aula Virtual: Cursos creados para a publicación de material, apuntamentos, foros e actividades.

16.- PRACTICAS TEXTUAIS 1º DE BACHERELATO

16.1.- INTRODUCCIÓN

A área de lingua ten como obxectivo fundamental, na etapa do ensino postobrigatorio, o enriquecemento da capacidade comunicativa do alumnado, competencia que xa se vén traballando desde a ESO. Neste sentido, non se produce un salto cualitativo considerable entre ambas as dúas etapas en canto que o obxectivo fundamental é o mesmo: a adquisición e mellora da competencia comunicativa, entendida esta como unha competencia ampla que abrangue saberes lingüísticos, sociolingüísticos e discursivos e que lle debe reportar ao alumnado a capacidade para usar a lingua (tanto no nivel produtivo coma receptivo e interaccional) nas diversas esferas da actividade social e individual.

Do repertorio de mediacións que interveñen no proceso educativo, a lingua é a máis importante. Ademais de ser un instrumento indispensable para participar nas actividades académicas e traballar en colaboración con outros, a linguaxe é unha mediadora da actividade mental a través da cal o alumnado aprende, reflexiona e participa no diálogo continuado no que se constrúe o coñecemento.

As aprendizaxes e as habilidades adquiridas nesta materia poden ser aplicadas en todas as materias lingüísticas presentes nos Currículos Integrados de Linguas, tanto a Lingua Galega, a Lingua Castelá, como as linguas estranxeiras que tamén deben ser abordadas na aula desde un enfoque comunicativo.

O obxecto desta materia, **Prácticas textuais**, é desenvolver dous bloques fundamentais presentes en todos os currículos das materias de lingua: “*Comunicación oral. escoitar e falar*” e “*Comunicación escrita. Ler e escribir*”.

Escoitar e falar atende ao uso oral da lingua e este vai ser obxecto de observación e de análise para recoñecer as normas que rexen o intercambio comunicativo, para observar as estratexias que usan as e os falantes para se comunicaren satisfactoriamente, así como aquelas que empregan para comprenderen mensaxes orais ou para producilas. Non obstante, este bloque incide, sobre todo, na necesidade de que o alumnado teña modelos de fala adecuados e poida poñer en práctica a súa lingua dentro da aula en contextos formais e informais.

Ler e escribir ocúpase da comprensión e produción escrita. O alumnado debe ser quen de entender textos de diferente complexidade e xénero e extraer as ideas explícitas e implícitas no texto co fin de elaborar o seu propio pensamento crítico e creativo. Comprender un texto implica poñer en marcha unha serie de estratexias de lectura que deben practicarse na aula e proxectarse a todas as esferas da vida e a calquera tipo de lectura: ler para obter información, ler para aprender a propia lingua, ler por pracer. Igualmente, a produción escrita significará buscar para cada situación o tipo de texto, adecuando, planificando e redactando, atendendo a aspectos diversos e revisando a escrita final.

A lectura, a escritura e a expresión oral son manifestacións concretas da linguaxe presentes en todas as prácticas discursivas propias da formación do alumnado. As tres designan accións ou prácticas que ocorren en contextos de aprendizaxe: presentar un exame ou traballo, facer unha exposición na clase, defender unha tese, participar nun debate...O importante non é a lectura e a escritura *per se*, senón o que o profesorado e o alumnado fagan con elas, a forma como se apropián e se utilizan os textos de lectura ou as súas producións escritas para pensar e aprender mellor. Máis que substantivos que designen conceptos lingüísticos abstractos ou obxectos de estudo, sería máis exacto traducilos ás súas formas verbais: LER, ESCRIBIR, FALAR.

16.2.-OBXECTIVOS

A materia, **Prácticas textuais**, impartirase en 1º de bacharelato. O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, no que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, establece os obxectivos para este nivel que contribuirán a desenvolver no alumnado capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser

quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación. h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural. ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

No desenvolvemento curricular da materia especificácase que obxectivos se corresponden con cada contido traballado.

COMPETENCIAS

Igualmente o referido decreto establece cales son as **competencias clave** do currículo:

- Comunicación lingüística (CCL).

- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

A descrición das relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación na materia **Prácticas textuais** aparece especificado no currículo que elaboramos.

16.3.- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- PRÁCTICAS TEXTUAIS	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.1. Aplicar estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para comprender, analizar e comentar o texto na súa integridade.	▪ LGB2.1.1. Recolle as ideas fundamentais do texto en resumos, esquemas e mapas conceptuais.
B2.1. Aplicar estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para comprender, analizar e comentar o texto na súa integridade	▪ LGB2.1.2. Interpreta o sentido global do texto, identifica o propósito comunicativo do/da autora e emite opinións e xuízos sobre a mensaxe.
B2.1. Aplicar estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para comprender, analizar e comentar o texto na súa integridade	▪ LGB2.1.3. Distingue o tema principal e os subtemas e compón o esquema xerarquizado das ideas do texto.
B2.1. Aplicar estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para comprender, analizar e comentar o texto na súa integridade	▪ LGB2.1.4. Utiliza recursos bibliográficos, audiovisuais e dixitais para facilitar a comprensión e complementar a información do texto.
B2.2. Compoñer producións escritas planificadas adecuadas á situación e á intención comunicativa	LGB2.2.1. Selecciona e presenta os contidos dos seus textos de forma clara e ordenada.
B2.8. Caracterizar, identificar e producir textos argumentativos pertencentes a distintos ámbitos de uso.	LGB2.8.1. Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal e de contido e as características lingüísticas dos textos argumentativos.

16.4.- ORGANIZACIÓN DOS CONTIDOS CURRICULARES, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, INDICADORES DE CONSECUCIÓN, GRAO DE CONSECUCIÓN E TEMPORALIZACIÓN.

BLOQUE 1. Comunicación oral. escoitar e falar.

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE	TEMPORALIZACIÓN	GRAO DE CONSECUCIÓN
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ k 	B1.1 Producción (planificación e execución de textos orais relacionados con algún contido do currículo ou tema de actualidade) adecuada á situación comunicativa, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC, así como de elementos non verbais e con control das emocións ao falar en público.	B1.1. Realizar producións orais planificadas, relacionadas con algún contido do currículo ou tema de actualidade adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC así como de elementos non verbais e con control das emocións ao falar en público.	B1.1.1 Planifica os seus textos orais e produce discursos adecuados, coherentes e ben cohesionados	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL 	2ª e 3ª avaliación	75%
			B1.1.2 Consulta fontes de información diversas e revisa os borradores e esquemas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE 	2ª e 3ª avaliación	75%
			B1.1.3 Presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	2ª e 3ª avaliación	80%

			B1.1.4 Utiliza o rexistro adecuado á situación comunicativa.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC 	2ª e 3ª avaliación	100%
			B1.1.5 Emprega axeitadamente os elementos prosódicos e (entoación e pronuncia axeitada, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal (mirada, posición do corpo) así como o autocontrol das emocións ao falar en público	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CSIEE 	2ª e 3ª avaliación	100%
			B1.1.6 Emprega as TIC para documentarse bibliograficamente, revisar gramaticalmente o texto e elaborar unha	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD ▪ CCL 	2ª e 3ª avaliación	100%

			presentación atractiva e innovadora.			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ g ▪ i ▪ k 	<p>B1.2. Presentación oral de textos expositivos e argumentativos, do ámbito académico e de divulgación científica e cultural.</p>	<p>B1.2.Expoñer oralmente con rigor e claridade un tema especializado de textos do ámbito académico ou de divulgación científica e cultural.</p>	<p>B1.2.1 Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	<p>2ª e 3ª avaliación</p>	<p>80%</p>
			<p>B1.2.2 Emprega léxico preciso e especializado e evita o uso de coloquialismos e palabras comodín.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	<p>2ª e 3ª avaliación</p>	<p>80%</p>
			<p>B1.2.3 Emprega recursos verbais e non verbais en textos expositivos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC 	<p>2ª e 3ª avaliación</p>	<p>80%</p>
			<p>B1.2.4 Adecúa o texto segundo a intención</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE 	<p>2ª e 3ª avaliación</p>	<p>100%</p>

			comunicativa, o tema e o xénero textual.			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ h 	<p>B1.3. Producción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.</p>	<p>B1.3. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.</p>	<p>B1.3.1 Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC 	<p>2ª e 3ª avaliación</p>	<p>75%</p>
			<p>B1.3.2 Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas e fonéticas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	<p>2ª e 3ª avaliación</p>	<p>100%</p>
					<p>2ª e 3ª</p>	<p>80%</p>

			B1.3.3 Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	avaliación	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e 	<p>B1.4. Aplicación dos coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecemento en exposicións orais propias e alleas das dificultades expresivas</p>	<p>B1.4. Aplicar os coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecer en exposicións orais propias e alleas as dificultades expresivas.</p>	<p>B1.4.1 Recoñece en exposicións propias e alleas as dificultades expresivas: incoherencias, repeticións, ambigüidades, mal uso dos rexistros, pobreza léxica, fonética e entoación inadecuada e identifica interferencias lingüísticas e desviacións da norma</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	2ª e 3ª avaliación	75%
			<p>B1.4.2 Deseña</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA 	2ª e 3ª avaliación	80%

			estratexias para mellorar e progresar de xeito autónomo.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSEIEE 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e 	B1.5. Participación nas producións orais cunha fonética e prosodia correcta, valoración desta pronuncia e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	B1.5.Participar oralmente cunha fonética e prosodia correcta, valorar esta pronuncia e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	B1.5.1Recoñece a emisión dunha pronuncia correcta, identifica os erros na produción oral allea e produce discursos orais que respectan as regras prosódicas e fonéticas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	2ª e 3ª avaliación	80%
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b 	B1.6. Desenvolvemento de	B1.6. Coñecer, usar e valorar a adecuación,	B1.6.1 Identifica os recursos que	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	2ª e 3ª avaliación	100%

<ul style="list-style-type: none"> ▪ e 	<p>habilidades de escoita activa, cunha actitude de interese, de cooperación e de respecto.</p>	<p>a coherencia, a cohesión e a claridade expositiva, así como as normas de cortesía, nas intervencións orais propias da actividade académica, tanto espontáneas como planificadas.</p>	<p>proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso.</p>			
			<p>B1.6.2 Coñece, valora e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral; respecta as quendas e as opinións alleas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA 	<p>2ª e 3ª avaliación</p>	<p>100%</p>
			<p>B1.6.3 Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada, posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIC ▪ CSIEE 		

BLOQUE 2. Comunicación escrita. Ler e escribir

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE	TEMPORALIZACIÓN	GRAO DE CONSECUCIÓN
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ h 	B2.1 Aplicación de estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para comprender, analizar e comentar o texto na súa integridade.	B2.1 Aplicar estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para comprender, analizar e comentar o texto na súa integridade.	B2.1.1 Recolle as ideas fundamentais do texto en resumos, esquemas e mapas conceptuais.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA. 	Todo o curso	75%
			B2.1.2 Interpreta o sentido global do texto, identifica o propósito comunicativo do autor e emite opinións e xuízos sobre a mensaxe	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL. ▪ CSC. 	Todo o curso	75%
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ h 	B2.2 Planificación e produción de textos adecuados, coherentes e ben cohesionados;	B2.2 Compoñer producións escritas planificadas adecuadas á situación e á intención comunicativa	B2.2.1 Selecciona e presenta os contidos dos seus textos de forma clara e ordenada.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	Todo o curso	80%

	axustados ás normas gramaticais e ben presentados.	desexada, con coherencia, cohesión, corrección gramatical e boa presentación.	B2.2.2 Identifica e describe as características lingüísticas dos distintos tipos de rexistro	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	Todo o curso	75%
			B2.2.3 Utiliza o rexistro lingüístico axeitado á situación comunicativa das súas producións	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC 	Todo o curso	100%
			B2.2.4 Utiliza mecanismos variados de cohesión lingüística.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	Todo o curso	75%
			B2.2.5 Axústase ás normas ortográficas e morfolóxicas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	Todo o curso	100%
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ h 	B2.3 Comprensión, produción e síntese de textos expositivos e argumentativos do	B2.3 Comprender, producir e sintetizar o contido de textos expositivos e	B2.3.1 Comprende, interpreta e sintetiza tanto o contido de materiais de consulta	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA 	Todo o curso	75%

	<p>ámbito académico e de divulgación científica e cultural (dicionarios, glosarios, enciclopedias).</p>	<p>argumentativos de tema especializado do ámbito académico ou de divulgación científica e cultural.</p>	<p>(dicionarios, glosarios, enciclopedias) e textos argumentativos e expositivos (ensaos).</p>			
			<p>B2.3.2 Identifica o tema e a estrutura de textos de carácter expositivo e argumentativo, de tema especializado, propios do ámbito académico ou de divulgación científica e cultural.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	<p>Todo o curso</p>	<p>75%</p>
			<p>B2.3.3 Sintetiza e distingue as ideas principais e as secundarias de textos de carácter expositivo e argumentativo propios do ámbito académico.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 		
			<p>B2.3.4 Analiza os</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCA 	<p>Todo o curso</p>	<p>75%</p>

			recursos verbais e non verbais dos textos expositivos e argumentativos de tema especializado e valóraos en función da intención comunicativa do autor, do tema e do xénero textual			
			B2.3.5 Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección ortográfica e gramatical.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	Todo o curso	100%
			B2.3.6 Emprega léxico preciso e especializado e evita o uso de coloquialismos e palabras comodín.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	Todo o curso	100%
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ c 	B2.4 Comprensión, produción e	B2.4 Comprender, producir e valorar de	B2.4.1 Comprende, produce e valora de	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC 	Todo o curso	80%

<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ h 	<p>valoración de textos procedentes dos medios de comunicación social tanto os publicitarios como os periodísticos de carácter informativo e de opinión.</p>	<p>forma crítica textos publicitarios e periodísticos de carácter informativo ou de opinión.</p>	<p>forma crítica textos publicitarios e periodísticos de carácter informativo ou de opinión.</p>			
				<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC 	<p>Todo o curso</p>	<p>75%</p>
				<p>B2.4.2 Interpreta as mensaxes publicitarias e recoñece os elementos de persuasión dos anuncios.</p>		
			<p>B2.4.3 Identifica e rexeita as ideas e os usos lingüísticos discriminatorios dos textos publicitarios</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC 	<p>Todo o curso</p>	<p>100%</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ h 	<p>B2.5 Análise dos textos descritivos: intención comunicativa,</p>	<p>B2.5 Caracterizar, identificar e producir textos descritivos pertencentes a</p>	<p>B2.5.1 Identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal, de</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	<p>Todo o curso</p>	<p>100%</p>

	estrutura formal e de contido e características lingüísticas.	distintos ámbitos de uso.	contido e as características lingüísticas dos textos descritivos e produce outros textos similares.			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ h 	B2.6 Análise dos textos expositivos: intención comunicativa, estrutura formal e de contido e características lingüísticas.	B2.6 Caracterizar, identificar e producir textos expositivos pertencentes a distintos ámbitos de uso.	B2.6.1 Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal, de contido e as características lingüísticas dos textos expositivos	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	Todo o curso	100%
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ h 	B2.7 Análise dos textos narrativos: intención comunicativa, estrutura formal e de contido e características lingüísticas.	B2.7 Caracterizar, identificar e producir textos narrativos pertencentes a distintos ámbitos de uso	B2.7.1 Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal e de contido e as características lingüísticas dos textos narrativos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	Todo o curso	100%
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b 					Todo o curso	90%

<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ h 	B2.8 Análise dos textos argumentativos: intención comunicativa, estrutura formal e de contido e características lingüísticas.	B2.8 Caracterizar, identificar e producir textos argumentativos pertencentes a distintos ámbitos de uso.	B2.8.1 Produce, identifica e analiza a intención comunicativa, a estrutura formal e de contido e as características lingüísticas dos textos argumentativos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ h 	B2.9 Análise dos textos literarios: caracterización dos diferentes xéneros, recursos formais.	B2.9 Caracterizar, identificar, analizar e producir textos literarios.	B2.9.1 Produce, identifica e analiza a estrutura formal e de contido e as características lingüísticas dos textos literarios.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	Todo o curso	100%
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f ▪ h 	B2.10 Busca e selección de información procedente de fontes bibliográficas ou dixitais e posterior	B2.10 Planificar, producir e revisar textos de investigación a partir da información obtida en fontes impresas e dixitais e	B2.10.1 Consulta fontes dixitais, contrasta e selecciona a información relevante mediante fichas-resumo.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA 	Todo o curso	100%
					Todo o curso	100%

	organización e revisión dos textos cos recursos que ofrecen as TIC.	con axuda dos recursos que ofrecen as TIC.	B2.10.2 Planifica os escritos en función dunha orde predefinida e revisa o proceso de escritura con axuda de ferramentas dixitais.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD 		
			B2.10.3 Respecta as normas de presentación dos traballos escritos, a organización en epígrafes, procedementos de cita, notas a pé de páxina, bibliografía.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD 	Todo o curso	100%
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ h 	B.2.11 Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto	B.2.11 Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como	B2.11.1 Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis... recensión de libros e películas, obras de teatro...) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CD 	Todo o curso	60%

	curriculares como outras presentes no centro, relacionados cos Elementos Transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	outras presentes no centro, relacionados cos Elementos Transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	Elementos Transversais , evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.			
--	--	--	--	--	--	--

12.2 CONSIDERACIÓNS SOBRE A PRÁCTICA AVALIADORA.

Instrumentos de Avaliación

A práctica avaliadora nesta materia partirá:

- Da consideración da avaliación como un proceso continuo, cunha orientación formativa.
- Da necesidade de ter en conta o punto de partida de cada un dos alumnos e alumnas (avaliación inicial), para poder avaliar con xustiza as súas aprendizaxes posteriores.
- Da importancia que teñen nesta materia as actividades prácticas para acadar as competencias básicas.
- Da introdución na nosa práctica avaliadora de actividades de autoavaliación e coavaliación, para facer o alumnado consciente e participe do proceso.

- Utilizaranse diversos instrumentos de avaliación establecendo para cada un deles a seguinte ponderación:

Instrumentos de avaliación	<i>Ponderación</i>
Diario de clase	20%
Producións escritas Traballos diversos	30%
Probas escritas	30%
Exposicións orais	20%

O enfoque práctico desta materia esixe unha asistencia regular ás clases, xa que o traballo diario na aula é obxecto continuo de avaliación.

Criterios de cualificación no caso de ensino non presencial:

- Producións escritas e traballos diversos: **75%**
- Probas escritas: **25%**

17.- LITERATURA UNIVERSAL. 1º DE BACHARELATO

17.1.- Introducción

A lectura de textos procedentes da literatura universal intervén no proceso de maduración afectiva, intelectual e estética do alumnado, xa que o coñecemento desta parte fundamental do patrimonio cultural da humanidade, na que se levan depositado a imaxinación, os sentimentos e os pensamentos de distintas culturas ao longo da historia, conduce os/as estudantes a afondar na comprensión da propia identidade, tanto individual como colectiva, así como a valorar de xeito crítico a realidade do mundo contemporáneo. A lectura de fragmentos ou obras completas

representativas do patrimonio literario universal permítelle ao alumnado coñecer outras realidades sociais e culturais, enriquecer a súa personalidade, ampliando a súa visión do mundo, e afianzar os seus hábitos de lectura, desenvolvendo o seu sentido estético.

A aproximación á materia de Literatura Universal como coñecemento e aprendizaxe contribúe a desenvolver a competencia lingüística, as sociais e cívicas, e a de conciencia e expresión cultural dos alumnos e das alumnas adquiridas durante a ESO e na materia común de Lingua Castelá e Literatura.

O desenvolvemento destes coñecementos literarios en bacharelato implica a descuberta da lectura como unha experiencia enriquecedora, que produce no/na estudante unha resposta afectiva e intelectual, fundada tanto na construción do sentido do texto como no recoñecemento das súas particularidades expresivas e discursivas.

Os contidos organízanse en dous bloques. O primeiro bloque, "Procesos e estratexias", abrangue contidos comúns, centrados no comentario de textos (obras completas ou fragmentos seleccionados), e concíbese como a construción compartida do sentido das obras e a explicación das súas convencións literarias. A lectura, a interpretación, a análise e a valoración dos textos literarios constitúe a actividade fundamental da materia. Este bloque inclúe, asemade, o estudo das relacións significativas entre as obras literarias e o resto das artes (obras musicais, cinematográficas, pictóricas, etc.). O segundo bloque, "Os grandes períodos e movementos da literatura universal", dedícase ao estudo cronolóxico das obras máis significativas de cada momento, a través dunha selección de obras e autores/as. Esta presentación cronolóxica pon de relevo a recorrencia de certos temas e motivos, así como a evolución das formas literarias ao longo da historia.

En definitiva, esta materia facilita o desenvolvemento do individuo como lector competente, capaz de comparar textos literarios de distintas épocas e autores, e capaz de descubrir neles recorrencias temáticas, así como semellanzas ou diverxencias expresivas. Deste xeito, o alumnado ha aprender a transferir os seus coñecementos, relacionando o contido e as formas de expresión dunha obra literaria co contexto histórico e cultural no que se inscribe, o que ha favorecer a aprendizaxe autónoma.

17.2.- Organización dos contidos curriculares, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, temporalización e grao de consecución.

Literatura Universal.		1º de bacharelato				
Bloque 1. Procesos e estratexias						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe e indicadores	Competencias clave	Temporización	Grao de consecución
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ i ▪ l ▪ n 	B1.1. Lectura e comentario de fragmentos, antoloxías e obras completas significativas da literatura universal.	B1.1. Ler, comprender, analizar e comentar obras breves, fragmentos ou obras completas significativas de distintas épocas, interpretando o seu contido de acordo cos coñecementos adquiridos sobre temas e formas literarias, así como sobre períodos e os/as autores/as significativos/as.	LUB1.1.1. Le fragmentos significativos ou textos completos de obras da literatura universal, identificando algúns elementos, mitos ou arquetipos creados pola literatura e que chegaron a converterse en puntos de referencia da cultura universal.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC 	Durante todo o curso	100%
			LUB1.1.2. Interpreta obras ou fragmentos representativos de distintas épocas, situándoas no seu contexto histórico, social e cultural, identificando a presenza de determinados temas e motivos, e recoñecendo as características do xénero e do movemento en que se inscriben, así como os trazos máis salientables do estilo literario.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CSC ▪ CAA 	Durante todo o curso	100%
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	B1.2. Relacións entre obras literarias e o resto das artes.	B1.2. Interpretar obras narrativas, líricas e dramáticas da literatura	LUB1.2.1. Interpreta determinadas obras narrativas, líricas e dramáticas da literatura universal nomeadamente significativas e	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	Durante	80%

<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l ▪ n 		<p>universal nomeadamente significativas, relacionando a súa forma e o seu contido coas ideas estéticas dominantes do momento en que se escribiron, e coas transformacións artísticas e históricas producidas no resto das artes.</p>	<p>relaciónaas coas ideas estéticas dominantes do momento en que se escribiron, analizando as vinculacións entre elas e comparando a súa forma de expresión.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC 	<p>todo o curso</p>	
			<p>LUB1.2.2. Establece relacións significativas entre a literatura e o resto das artes, interpretando de xeito crítico algunhas obras ou fragmentos significativos adaptados a outras manifestacións artísticas, analizando as relacións, as similitudes e as diferenzas entre diferentes linguaxes expresivas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC 	<p>Durante todo o curso</p>	<p>40%</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ c ▪ h ▪ i ▪ l ▪ n 	<p>B1.3. Observación, recoñecemento e valoración da evolución de temas e formas creados pola literatura nas diversas formas artísticas da cultura universal. Selección e análise de exemplos representativos. Superación de estereotipos (de xénero, clase, crenzas, etc.).</p>	<p>B1.3. Observar, recoñecer e valorar a evolución dalgúns temas e formas creados pola literatura e o seu valor permanente en diversas manifestacións artísticas da cultura universal.</p>	<p>LUB1.3.1. Comenta textos literarios de diferentes épocas e describe a evolución de determinados temas e formas creados pola literatura.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC 	<p>Durante todo o curso</p>	<p>70%</p>
			<p>LUB1.3.2. Recoñece o valor permanente destes temas e formas da literatura noutras manifestacións artísticas da cultura universal.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC 	<p>Durante todo o curso</p>	<p>40%</p>
